

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16674 *Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifican a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; a Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

O réxime xurídico da avaliación ambiental estratéxica dos plans e programas e da avaliación de impacto ambiental dos proxectos quedou establecido con carácter unitario na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, que integrou nunha soa norma a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, recolle nunha única norma as leis que incorporaron ao ordenamento xurídico español dúas directivas comunitarias: a Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente –«directiva sobre avaliación de impacto ambiental»– e a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

A Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro, modificouse no ano 2014 mediante a Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014. Esta modificación persegue os seguintes obxectivos: en primeiro lugar, conseguir unha regulación máis eficaz do proceso de avaliación de impacto ambiental, adaptando as diversas etapas de que consta este proceso aos principios comunitarios de «unha mellor lexislación» e de redución das cargas administrativas para os cidadáns; en segundo lugar, aumentar a coherencia e as sinerxías con outra lexislación e outras políticas da Unión Europea, así como coas estratexias e políticas establecidas polos Estados membros en ámbitos de competencia nacional; e, finalmente, garantir a mellora da protección do ambiente, da saúde humana, do patrimonio nacional, velar polo mantemento da diversidade de especies, conservar a capacidade de reprodución do ecosistema como recurso fundamental da vida e o aumento da eficiencia no uso dos recursos naturais, mediante un sistema de toma de decisións sobre investimentos, tanto públicos como privados, máis previsible e sustentable a longo prazo.

A nova directiva sobre avaliación de impacto ambiental, que entrou en vigor o 15 de maio de 2014, supón un reforzo do actual enfoque da avaliación de impacto ambiental, como instrumento preventivo, que recolle as ameazas e desafíos ambientais que xurdiron desde que entrou en vigor a primeira directiva sobre avaliación de impacto ambiental de proxectos, hai xa máis de 25 anos. Isto significa prestar máis atención a determinadas áreas, como a eficiencia dos recursos, o cambio climático e a prevención de riscos que, coa nova regulación, están agora mellor reflectidos no proceso de avaliación.

Por outro lado, polo que se refire a outras áreas como o patrimonio cultural, que se define no artigo 5.1.i) da lei, débense ter en conta as disposicións dos tratados internacionais como o Convenio europeo para a protección do patrimonio arqueolóxico, do 16 de xaneiro de 1992, o Convenio para a salvagarda do patrimonio arquitectónico de Europa, do 3 de outubro de 1985, ou a Convención sobre a protección do patrimonio cultural subacuático, do 2 de novembro de 2001, sen esquecer o Convenio europeo da paisaxe, do 20 de outubro de 2000, tal e como se menciona nos considerandos da directiva que se traspón.

Así mesmo, de acordo coa nova disposición comunitaria, os Estados membros deben prever a integración ou coordinación dos procesos de avaliación de impacto ambiental con outros procedementos ambientais establecidos por normas comunitarias ou nacionais; tamén se introducen prazos para as diferentes etapas da avaliación de impacto ambiental: así, por exemplo, a análise caso por caso –o que a Lei 21/2013, do 9 de decembro, denomina avaliación de impacto ambiental simplificada– debe realizarse nun prazo de noventa días, con posibilidade de prórroga, e as consultas públicas deben durar, ao menos, trinta días. Os Estados membros deben garantir tamén que as decisións finais sobre a autorización ou denegación do proxecto se toman dentro dun «prazo razoable». O proceso para determinar se un proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental precísase, ao exixir que as decisións estean debidamente motivadas á luz dos criterios de selección actualizados. Os informes de avaliación do impacto ambiental –estudos de impacto ambiental, segundo a terminoloxía da lei nacional– débense facer máis comprensibles para o público, especialmente con respecto ás avaliacións do estado actual do ambiente e as distintas alternativas ao proxecto. Tamén deben mellorarse a calidade e o contido dos estudos e informes ambientais e as autoridades competentes terán que probar a súa obxectividade para evitar conflitos de intereses. Os motivos que levan á decisión de autorizar ou de denegar un proxecto deben ser claros e transparentes para o público. Os Estados membros poderán fixar prazos para a validez das conclusións razoadas ou opinións emitidas como parte do proceso de avaliación de impacto ambiental, é dicir, do que a lei española denomina declaración ou informe de impacto ambiental. Se os procesos de avaliación conclúen que un proxecto entrañará efectos adversos significativos sobre o ambiente, os promotores estarán obrigados a adoptar as medidas necesarias para previr, reducir ou compensar estes efectos. Ademais, terán que establecer sistemas de seguimento e control das decisións ambientais durante a execución dos proxectos. Co fin de evitar duplicidades e custos innecesarios, poderanse aplicar métodos de seguimento e control xa existentes.

II

A maior parte dos principios, obxectivos e mandatos da Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril, xa foron incorporados na Lei 21/2013, do 9 de decembro, dado que a tramitación de ambas as normas, a da Unión Europea e a nacional, foi practicamente simultánea. Deste modo, durante a redacción do anteproxecto de lei xa se tiveron en conta algunhas das novidades que posteriormente incluíría a directiva na súa versión definitiva. É o caso, por exemplo, da consideración do cambio climático nas avaliacións ambientais. A continuación, cítanse os artigos da Directiva de 2014 que xa foron incluídos na Lei 21/2013, do 9 de decembro; así, parte do artigo 2(3) da directiva encóntrase no vixente artigo 14; o artigo 3(1) no artigo 35.1.c); o artigo 4(3) está trasposto xa nos artigos 47.2 (parcialmente, criterios do anexo III) e artigo 7.2 e anexo II (aínda que agora no artigo 47.2 da lei se completa); o artigo 4(6) figura no vixente artigo 47.1 (parcialmente); o artigo 5(2) no 34.2 (parcialmente); o artigo 5(3) nos artigos 16.1 (parcialmente) e 40.3; o 6(2) no 37.3, último parágrafo (parcialmente); o 6(6) nos artigos 34.4, 36.1, 37.4 e 46.2; o 6(7) nos artigos 36.1 e 37.4; o 7(5) no 49 (parcialmente); o 8BIS(4) no artigo 52.2 (parcialmente); o 8BIS(6) nos artigos 47.4 (parcialmente) e 43; o artigo 10.a) no título III, capítulos II e III (parcialmente), e o anexo III no anexo III (parcialmente).

Non obstante, para unha completa transposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril, resulta preciso modificar algúns preceptos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación, e este é precisamente o obxecto fundamental da presente lei.

Ademais das modificacións estritamente necesarias para a incorporación da directiva ao noso ordenamento, realizáronse tamén algunhas modificacións, entre outros, nos artigos 11, 40.4 e 44, que aclaran determinados conceptos da lei, dotando de maior seguridade xurídica a regulación en materia de avaliación ambiental.

Por todo isto, a presente lei dítase de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

III

A continuación detállanse as principais modificacións que comporta a presente lei.

En primeiro lugar, reordénanse os principios inspiradores da avaliación ambiental, enumerados no artigo 2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, coa finalidade de incluír nunha mesma epígrafe a precaución e a acción cautelar.

O artigo 3 modifícase co fin de adaptalo ao disposto na directiva. Para isto, e aínda que na práctica xa se vén realizando, prevese, de forma expresa, que as administracións que poidan estar interesadas nun plan, programa ou proxecto determinado debido ás súas responsabilidades ambientais ou ás súas competencias específicas deban ser consultadas ao respecto. E, así mesmo, establécese que o órgano ambiental e o substantivo deberán exercer as súas funcións de maneira obxectiva e evitar situacións que dean lugar a conflito de intereses.

Modifícase o artigo 5, relativo ás definicións da lei, co fin de adaptalo ao disposto na directiva, especialmente no referente á definición de avaliación de impacto ambiental. A Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, define a «avaliación de impacto ambiental» como o proceso consistente na preparación polo promotor dun informe de impacto ambiental, a realización de consultas, o exame pola autoridade competente da información, a conclusión razoada da autoridade competente sobre os efectos significativos do proxecto no ambiente e a integración da conclusión razoada da autoridade competente na decisión de autorización. A avaliación ambiental configúrase na directiva como un conxunto de trámites administrativos que os Estados membros poden integrar nos procedementos substantivos sectoriais de autorización.

Esta consideración da avaliación de impacto ambiental como «proceso» ou conxunto de trámites é coherente coa que proporciona a Lei 21/2013, do 9 de decembro. Esta lei solucionou a debatida cuestión da natureza xurídica da avaliación e dos pronunciamentos ambientais, de conformidade coa xurisprudencia que sobre ela se fora consolidando. Polo que se refire aos primeiros, a avaliación ambiental estratéxica e a avaliación de impacto ambiental cualifícanse como «procedemento administrativo instrumental» con respecto ao procedemento substantivo sectorial de aprobación ou adopción dos plans e programas ou da autorización dos proxectos. Pola súa parte, os pronunciamentos ambientais, é dicir, a declaración ambiental estratéxica, o informe ambiental estratéxico, a declaración de impacto ambiental e o informe de impacto ambiental teñen a natureza xurídica dun informe preceptivo e determinante.

Non obstante, para realizar unha correcta transposición da directiva modificouse o artigo 5, relativo ás definicións da lei, co fin de adaptar a definición de avaliación de impacto ambiental á que introduce a norma comunitaria. De maneira que, aínda que na lei se fale indistintamente de «proceso» ou de «procedemento», a avaliación ambiental é un proceso no sentido da directiva, é dicir, un conxunto de trámites administrativos, incardinados dentro do procedemento máis amplo de adopción, aprobación ou autorización do proxecto. Así mesmo, realizáronse as correspondentes modificacións no artigo 33 para adaptar a esta definición da directiva o procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

A directiva introduce como novidade a obrigaón para o promotor de incluír no estudo de impacto ambiental unha análise sobre a vulnerabilidade dos proxectos ante accidentes graves ou catástrofes, sobre o risco de que se produzan os ditos accidentes ou catástrofes, e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o ambiente, en caso de aconteceren.

Para incorporar este mandato da directiva considerouse conveniente incluír no artigo 5 as definicións de vulnerabilidade do proxecto, de accidente grave e de catástrofe. Así mesmo, incluíronse mencións aclaratorias na regulación da elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental, do estudo de impacto ambiental, das consultas a administracións públicas afectadas e persoas interesadas, da declaración de impacto ambiental, da autorización do proxecto e da avaliación de impacto ambiental simplificada.

Por outro lado, a regulación dos supostos de proxectos excluídos de avaliación de impacto ambiental e dos proxectos excluibles, previstos no artigo 8, modificouse para adaptala aos cambios introducidos pola directiva. Por unha parte, o órgano substantivo soamente poderá excluír do proceso de avaliación de impacto ambiental, nunha análise caso por caso, os proxectos ou partes de proxectos que teñan como único obxectivo a defensa –sen especificar que deba ser a defensa nacional– e os proxectos que teñan como único obxectivo a resposta a casos de emerxencia civil, cando tal aplicación poida ter repercusións negativas sobre tales obxectivos. Por outro lado, suprimiuse a posibilidade de que mediante unha lei específica se exclúan proxectos específicos de avaliación de impacto ambiental, tendo en conta que a directiva na súa nova redacción unicamente prevé a posibilidade de exclusión do trámite de consulta pública. Finalmente, a posibilidade de exclusión dun proxecto determinado da avaliación de impacto ambiental en casos excepcionais mediante acordo motivado do Consello de Ministros, ou do órgano que determine cada comunidade autónoma, limitouse, como fai a directiva, aos supostos en que a aplicación da avaliación de impacto ambiental teña efectos prexudiciais para a finalidade do proxecto. A lei cita expresamente o caso das obras de reparación de infraestruturas críticas danadas como consecuencia de acontecementos catastróficos. Nestes supostos, o Consello de Ministros no ámbito da Administración xeral do Estado ou, se for o caso, o órgano que determine a lexislación de cada comunidade autónoma no seu respectivo ámbito de competencias decidirá, por proposta do órgano substantivo, se procede someter o proxecto a outra forma alternativa de avaliación que cumpra os principios e obxectivos da lei. O acordo de exclusión e os motivos que o xustifican publicáranse no «Boletín Oficial del Estado» ou diario oficial correspondente. Adicionalmente, porase á disposición do público a información relativa á decisión.

Modifícase o artigo 11, ordinal primeiro, para a determinación do órgano ambiental e do órgano substantivo. Así, no ámbito da Administración xeral de Estado, corresponde ao órgano do ministerio competente en materia de ambiente que regulamentariamente se determine exercer as funcións atribuídas por esta lei ao órgano ambiental cando se trate da avaliación ambiental de plans, programas ou proxectos que deban ser adoptados, aprobados ou autorizados pola Administración xeral do Estado e polos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, ou que sexan obxecto de declaración responsable ou comunicación previa ante esta Administración.

A utilización preferente dos medios electrónicos para garantir a participación efectiva das persoas interesadas nos procesos de avaliación ambiental é outra das novidades da presente lei e é o motivo da modificación dos artigos 9.3, 21.4, 22.1, 28.4, 36.3 e 37.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro. Coa finalidade de reforzar o acceso público á información e a transparencia, a información ambiental relativa á aplicación da lei debe estar accesible aos cidadáns de maneira fácil e efectiva e en formato electrónico. Para isto, establécese a obrigaón de dispor de, ao menos, un portal central ou puntos de acceso sinxelo no nivel administrativo territorial correspondente.

IV

A obrigación de establecer procedementos coordinados ou conxuntos para proxectos suxeitos á directiva e outra lexislación da Unión Europea, especialmente a directiva de emisións industriais e a directiva de conservación de hábitats naturais, fauna e flora silvestre, estaba xa prevista na lexislación nacional. Non obstante, introducíronse modificacións na avaliación das repercusións dos plans, programas e proxectos sobre os espazos Rede Natura 2000, coa finalidade de resolver algunhas lagoas xurídicas que se detectaran nesta regulación e solucionar algúns problemas que se puxeran de manifesto na súa aplicación práctica.

O artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que incorpora ao dereito nacional a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva de hábitats), non prevé ningunha excepción á obrigación de someter a avaliación ambiental os plans, programas e proxectos que poidan afectar de forma apreciable espazos protexidos Rede Natura 2000. Por tanto, aínda que o plan, programa ou proxecto estea excluído de avaliación ambiental en virtude do artigo 8.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ese plan, programa ou proxecto deberá someterse, cando poida afectar de forma apreciable espazos protexidos Rede Natura 2000, a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo. Neste suposto, o promotor elaborará un estudo sobre as afeccións do plan, programa ou proxecto sobre os espazos Rede Natura 2000 e solicitará un informe do órgano competente da comunidade autónoma afectada. Se no informe se constata que o plan, programa ou proxecto pode causar un prexuízo á integridade da Rede Natura 2000, tramitarase o procedemento regulado polos números 4 a 7 do artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

V

Como xa se mencionou anteriormente, outra das novidades da lei, prevista, entre outros, no novo artigo 35, é a obrigación, por parte do promotor, de incluír no estudo de impacto ambiental unha análise sobre a vulnerabilidade dos proxectos ante accidentes graves ou catástrofes, sobre o risco de que se produzan os ditos accidentes ou catástrofes, e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o ambiente, en caso de aconteceren.

Para evitar duplicidades, pódese utilizar toda a información pertinente dispoñible e obtida a través das avaliacións de risco efectuadas de conformidade con outra lexislación comunitaria ou nacional. En particular, o promotor incluírá a información relevante, cando resulte de aplicación, das avaliacións efectuadas de conformidade con outras normas, como a normativa relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, así como a normativa que regula a seguridade nuclear das instalacións nucleares.

A lei especifica, con maior grao de detalle, o contido mínimo do estudo de impacto ambiental, que debe ter en conta os impactos do proxecto no seu conxunto, incluídos, se procede, a súa superficie e o seu subsolo, durante as fases de construción e explotación e, se procede, de demolición; este estudo será elaborado por expertos para garantir a súa calidade. A determinación pola Administración competente do documento de alcance mantense como fase voluntaria no proceso, xa regulado no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de conformidade coa directiva.

O artigo 37 incorpora o informe dos órganos con competencias en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes, se for o caso, informe que ten carácter preceptivo. Polo que respecta á avaliación de impacto ambiental simplificada, denominada «procedemento de comprobación previa» na directiva, a lei específica, no artigo 45, a información que o promotor está obrigado a facilitar, centrándose nos aspectos clave que permitan que o órgano ambiental formule o informe de impacto ambiental. A avaliación de impacto ambiental simplificada debe garantir que soamente sexa necesaria a avaliación de impacto ambiental ordinaria para proxectos que poidan ter efectos significativos no ambiente.

As administracións públicas competentes deberán garantir que os órganos implicados nos procedementos de avaliación ambiental dispoñen de persoal con coñecementos suficientes para examinar os documentos ambientais. Unha cuestión esencial da directiva, e así se incorporou na lei, é o contido da decisión que adopten as autoridades en relación co proxecto unha vez realizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria, e a publicidade que debe darse á decisión. O órgano substantivo incluírá na autorización a conclusión sobre os efectos significativos do proxecto no ambiente, as condicións ambientais establecidas na declaración de impacto ambiental, unha descrición das características do proxecto e as medidas previstas para previr, corrixir e, se é posible, compensar os efectos adversos significativos no ambiente, así como, se for o caso, medidas de seguimento. Así mesmo, a decisión de denegar unha autorización indicará as principais razóns da denegación. O órgano substantivo publicará un extracto desta información.

Outra das novidades da lei, prevista no seu artigo 38, que non deriva do texto da directiva pero si do seu espírito, é a previsión de realizar un novo trámite de información pública e consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas se, como consecuencia do trámite de información pública e de consultas, o promotor incorpora no proxecto ou no estudo de impacto ambiental modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente. Como consecuencia, refórzase o trámite de consultas, por medio dunha análise que permita examinar o fondo da información adicional facilitada.

O artigo 39 modifícase para prever a obrigaón do órgano substantivo de comprobar que o promotor incluíu no estudo de impacto ambiental todas as epígrafes específicas recollidas no artigo 35.1.

O artigo 40, que regula a análise técnica do expediente, modifícase para incluír as consecuencias xurídicas da omisión, no estudo de impacto ambiental elaborado polo promotor, dalgunha das epígrafes específicas recollidas no artigo 35.1.

Modifícase o artigo 41 para adecuar o contido e o alcance da declaración de impacto ambiental ao previsto na directiva. Así mesmo, modifícase o artigo 42 para incluír a obrigaón derivada da directiva de establecer un prazo razoable para a autorización do proxecto, quedando a súa concreta determinación no ámbito do órgano substantivo, e tamén se detalla o contido mínimo do extracto da autorización que debe publicarse.

Modifícase o artigo 44 para mellorar e adecuar o procedemento de modificación das condicións da declaración de impacto ambiental, que poderá iniciarse de oficio ou por solicitude do promotor.

O artigo 45, relativo á solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, traslada á lei tanto o artigo 4.4 como o anexo II bis da directiva, o que implica unha mellor comprensión e claridade da documentación que debe achegar o promotor e facilita a toma de decisión ao órgano ambiental para analizar o proxecto.

Tanto o artigo 47, relativo ao informe ambiental, como o artigo 48, sobre a autorización do proxecto e publicidade, incorporan novos elementos de información facilitados polo promotor, que debe ter en conta o órgano ambiental para determinar, de forma motivada, se o proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria ou non ten efectos adversos significativos sobre o ambiente. Coa nova redacción dos números 2 e 3 do artigo 49 complétanse determinados aspectos procedementais das consultas a outros Estados nos procedementos de avaliación ambiental.

De acordo co artigo 8.bis, número 4, parágrafo segundo, da Directiva de 2011, na redacción dada pola de 2014, regúlase no artigo 52, con maior precisión, o seguimento das declaracións de impacto ambiental e dos informes de impacto ambiental incluíndo, se for o caso, o tipo de parámetros que deban ser obxecto de seguimento e a duración do seguimento, que serán proporcionados en relación coa natureza, localización e dimensións do proxecto e coa importancia do seu impacto no ambiente.

O último dos artigos da lei que se modifican é o artigo 56.2 que, cumprindo co mandato establecido no artigo 10 bis da directiva, clarifica que as sancións deben ser efectivas, disuasorias e proporcionadas.

Polo que se refire ás disposicións adicionais que se modifican, a disposición adicional terceira incorporou o contido da información que, como mínimo, se debe proporcionar á Comisión Europea cada seis anos contados a partir do 16 de maio de 2017.

A disposición adicional sétima, que regula a avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan afectar espazos da Rede Natura 2000, complétase detallando a forma en que se pode acreditar que os ditos plans, programas ou proxectos gardan unha relación directa coa xestión do espazo da Rede Natura.

A disposición adicional novena modifícase para incluír a posibilidade de que o órgano ambiental no ámbito da Administración xeral do Estado emita certificacións sobre avaliacións de impacto ambiental practicadas.

A disposición adicional décimo cuarta, relativa á identificación das persoas interesadas, modifícase para mencionar a interconexión dos rexistros creados para a dita identificación, o que responde á necesidade de transparencia e axilidade na tramitación dos procedementos de avaliación ambiental.

Incorpórase unha nova disposición adicional décimo sexta para regular aqueles casos en que, en execución de sentenza firme, deba realizarse a avaliación de impacto ambiental dun proxecto cuxa execución xa se iniciase ou finalizase.

Así mesmo, incorpórase unha disposición adicional décimo sétima sobre instalacións militares.

Por último, a disposición adicional décimo oitava inclúe todas as actuacións que debe efectuar o Consello de Seguridade Nuclear no procedemento de avaliación de impacto ambiental de proxectos que deban ser autorizados segundo o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro. Conforme o establecido na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, corresponde a este organismo a función de avaliar o impacto radiolóxico ambiental das instalacións nucleares e radioactivas e das actividades que impliquen o uso de radiacións ionizantes, de acordo co establecido na lexislación aplicable.

Por último, modifícase a disposición derradeira oitava, relativa aos títulos competenciais, co fin de adecuala á Sentenza do Tribunal Constitucional 53/2017, do 11 de maio, que declarou inconstitucionais algúns dos títulos competenciais invocados na redacción orixinaria da lei. Así mesmo, elimínase a disposición derradeira décimo primeira, ao considerar que a lexislación básica é aplicable directamente ás comunidades autónomas desde a súa entrada en vigor.

Finalmente, tamén se modifica a disposición derradeira novena, relativa á autorización de desenvolvemento da lei, co fin de autorizar o Goberno para modificar os anexos co fin de adaptalos á normativa vixente, á evolución científica e técnica, e ao que dispoñan as normas internacionais e o dereito da Unión Europea.

A disposición transitoria única regula o réxime aplicable aos procedementos en curso.

Mediante a disposición derradeira segunda efectúase unha modificación da disposición adicional sexta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. A finalidade desta modificación é dar cumprimento á Sentenza 118/2017, do 19 de outubro, que estimou parcialmente o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Consello de Goberno da Xunta de Andalucía fronte aos ordinais terceiro a oitavo da disposición adicional sexta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, relativa aos camiños naturais, e declarou nulos e inconstitucionais algúns dos aspectos contidos nela (letras d) e e) do número 4 e dous incisos concretos nos números 6 e 7).

A disposición derradeira terceira leva a cabo unha modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, modificando os artigos 30 e 36 e introducindo un novo artigo 35 bis. Isto, co fin de definir, con maior precisión, as especialidades propias do réxime administrativo sancionador contido na versión consolidada da mencionada lei e adecuar os plans de seguimento dos operadores aéreos.

A disposición derradeira cuarta establece a incorporación do dereito da Unión Europea.

Por último, a disposición derradeira quinta determina a entrada en vigor.

VI

Esta lei consta dun artigo único, polo que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, sobre expedientes en curso, e cinco disposicións derradeiras, sobre modificación das leis 43/2003, do 21 de novembro, e 1/2005, do 9 marzo, sobre a incorporación do dereito da Unión Europea e sobre a entrada en vigor, respectivamente.

O artigo único divídese en 41 epígrafes, mediante as cales se modifican diversos artigos e disposicións adicionais e derradeiras da Lei 21/2013, do 9 de decembro, e se substitúen os anexos III e VI da dita lei.

Artigo único. *Modificación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.*

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, queda modificada nos seguintes termos:

Un. As letras b) e c) do artigo 2 quedan redactadas da seguinte maneira:

«b) Precaución e acción cautelar.

c) Acción preventiva, corrección e compensación dos impactos sobre o ambiente.»

Dous. O artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Actuación e relacións entre administracións públicas.*

1. As administracións públicas axustarán as súas actuacións en materia de avaliación ambiental aos principios de lealdade institucional, coordinación, información mutua, cooperación, colaboración e coherencia.

En particular, as administracións que poidan estar interesadas no plan, programa ou proxecto debido ás súas responsabilidades ambientais específicas ou ás súas competencias autonómicas ou locais serán consultadas sobre a información proporcionada polo promotor e sobre a solicitude de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto.

De conformidade cos principios de racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e de cooperación, colaboración e coordinación, as administracións públicas consultadas emitirán os informes que correspondan coa máxima dilixencia posible e, en todo caso, dentro dos prazos establecidos para o efecto.

Cando corresponda á Administración xeral do Estado formular a declaración ambiental estratéxica ou a declaración de impacto ambiental, ou ben emitir o informe ambiental estratéxico ou o informe de impacto ambiental regulados nesta lei, consultarase preceptivamente o órgano que desempeñe as competencias en materia de ambiente da comunidade autónoma afectada polo plan, programa ou proxecto.

2. As administracións públicas garantirán que o órgano ambiental e o órgano substantivo exerzan as funcións derivadas da presente lei de maneira obxectiva, e aplicarán na súa organización unha adecuada separación das funcións que poidan dar lugar a un conflito de intereses cando o órgano ambiental sexa simultaneamente o órgano substantivo ou o promotor do plan, programa ou proxecto.

3. Cando o órgano substantivo sexa simultaneamente o promotor do plan, programa ou proxecto, o órgano substantivo realizará as actuacións atribuídas ao promotor nesta lei.

4. O órgano substantivo informará o órgano ambiental de calquera incidencia que se produza durante a tramitación do procedemento administrativo substantivo de adopción, aprobación ou autorización dun plan, programa ou proxecto que teña relevancia para os efectos da tramitación da avaliación ambiental, singularmente aquelas que supoñan o arquivamento ou a caducidade do procedemento substantivo.»

Tres. O artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 5. *Definicións.*

1. Para os efectos desta lei entenderase por:

a) “Avaliación ambiental”: proceso a través do cal se analizan os efectos significativos que teñen ou poden ter os plans, programas e proxectos, antes da súa adopción, aprobación ou autorización, sobre o ambiente, incluíndo na dita análise os efectos daqueles sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, a terra, o solo, o subsolo, o aire, a auga, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados.

A avaliación ambiental inclúe tanto a avaliación ambiental estratéxica, que procede respecto dos plans ou programas, como a avaliación de impacto ambiental, que procede respecto dos proxectos. En ambos os casos, a avaliación ambiental poderá ser ordinaria ou simplificada e terá carácter instrumental respecto do procedemento administrativo de aprobación ou de adopción de plans e programas, así como respecto do de autorización de proxectos ou, se for o caso, respecto da actividade administrativa de control dos proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa.

b) “Impacto ou efecto significativo”: alteración de carácter permanente ou de longa duración dun ou de varios factores mencionados na letra a).

No caso de espazos Rede Natura 2000: efectos apreciáveis que poden empeorar os parámetros que definen o estado de conservación dos hábitats ou especies obxecto de conservación no lugar ou, se for o caso, as posibilidades do seu restablecemento.

c) “Documento de alcance”: pronunciamento do órgano ambiental dirixido ao promotor que ten por obxecto delimitar sobre o contido, a amplitude, o nivel de detalle e o grao de especificación que deben ter o estudo ambiental estratéxico e o estudo de impacto ambiental.

d) “Órgano substantivo”: órgano da Administración pública que desempeña as competencias para adoptar ou aprobar un plan ou programa, para autorizar un proxecto, ou para controlar a actividade dos proxectos suxeitos a declaración responsable ou comunicación previa, salvo que o proxecto consista en diferentes actuacións en materias cuxa competencia a desempeñen distintos órganos da Administración pública estatal, autonómica ou local, caso en que se considerará órgano substantivo aquel que desempeñe as competencias sobre a actividade a cuxa finalidade se orienta o proxecto, con prioridade sobre os órganos que desempeñan competencias sobre actividades instrumentais ou complementarias respecto a aquela.

e) “Órgano ambiental”: órgano da Administración pública que elabora, se for o caso, o documento de alcance, que realiza a análise técnica dos expedientes de avaliación ambiental e formula as declaracións ambientais estratéxicas, os informes ambientais estratéxicos, as declaracións de impacto ambiental e os informes de impacto ambiental.

f) “Público”: calquera persoa física ou xurídica, así como as súas asociacións, organizacións ou grupos, constituídos conforme a normativa que lles sexa de aplicación, que non reúnan os requisitos para seren considerados persoas interesadas.

g) “Persoas interesadas”: considéranse persoas interesadas, para os efectos desta lei:

1.º Todas aquelas en que conorra calquera das circunstancias previstas no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.º Calquera persoa xurídica sen ánimo de lucro que, de conformidade coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE), cumpran os seguintes requisitos:

i) Que teñan entre os fins acreditados nos seus estatutos a protección do ambiente en xeral ou a dalgún dos seus elementos en particular, e que tales fins poidan resultar afectados pola avaliación ambiental.

ii) Que leven, ao menos, dous anos legalmente constituídas e veñan exercendo, de modo activo, as actividades necesarias para alcanzar os fins previstos nos seus estatutos.

iii) Que, segundo os seus estatutos, desenvolvan a súa actividade nun ámbito territorial que resulte afectado polo plan, programa ou proxecto que deba someterse a avaliación ambiental.

h) “Administracións públicas afectadas”: aquelas administracións públicas que teñen competencias específicas nas seguintes materias: poboación, saúde humana, biodiversidade, xeodiversidade, fauna, flora, solo, subsolo, auga, aire, ruído, factores climáticos, paisaxe, bens materiais, patrimonio cultural, ordenación do territorio e urbanismo.

i) “Patrimonio cultural”: concepto que inclúe todas as acepcións deste tipo de patrimonio, tales como histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, industrial e inmaterial.

j) “Medidas compensatorias Rede Natura 2000”: as medidas específicas definidas e reguladas no artigo 3, números 24 e 46, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

k) “Medidas compensatorias”: medidas excepcionais que se aplican ante impactos residuais.

l) “Análise técnica do expediente”: análise cuxa finalidade é deducir os efectos esperados dos plans, programas e proxectos sobre os diferentes factores obxecto da avaliación ambiental, e propor as medidas máis adecuadas para a súa prevención, corrección ou compensación, así como os seus respectivos seguimentos.

Analizaranse, en particular, a calidade, completitude e suficiencia do estudo de impacto ambiental, se for o caso, a súa conformidade co documento de alcance e como se tivo en consideración o resultado do trámite de información pública, das consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e, se for o caso, o resultado das consultas transfronteirizas.

2. Para os efectos da avaliación ambiental estratéxica regulada nesta lei, entenderase por:

a) “Promotor”: calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que pretende elaborar un plan ou programa dos recollidos no ámbito de aplicación desta lei, independentemente considerado da Administración que no seu momento sexa a competente para a súa adopción ou aprobación.

b) “Plans e programas”: o conxunto de estratexias, directrices e propostas destinadas a satisfacer necesidades sociais, non executables directamente, senón a través do seu desenvolvemento por medio dun ou de varios proxectos.

c) “Estudo ambiental estratéxico”: estudo elaborado polo promotor que, sendo parte integrante do plan ou programa, identifica, describe e analiza os posibles efectos significativos sobre o ambiente derivados ou que poidan derivar da aplicación do plan ou programa, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan ou programa, co fin de previr ou corrixir os efectos adversos sobre o ambiente da aplicación do plan ou programa.

d) “Declaración ambiental estratéxica”: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que finaliza a avaliación ambiental estratéxica ordinaria e que se pronuncia sobre a integración dos aspectos ambientais na proposta final do plan ou programa.

e) “Informe ambiental estratéxico”: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que finaliza a avaliación ambiental estratéxica simplificada.

f) “Modificacións menores”: cambios nas características dos plans ou programas xa adoptados ou aprobados que non constitúen variacións fundamentais das estratexias, directrices e propostas ou da súa cronoloxía pero que producen diferenzas nos efectos previstos ou na zona de influencia.

3. Para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos regulada nesta lei e sen prexuízo das definicións contidas na normativa sobre instalacións nucleares e radioactivas, entenderase por:

a) “Promotor”: calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que pretende realizar un proxecto dos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei, con independencia da Administración que sexa a competente para a súa autorización.

b) “Proxecto”: calquera actuación prevista que consista:

1.º na execución, explotación, desmantelamento ou demolición dunha obra, unha construción ou instalación, ou ben

2.º en calquera intervención no medio natural ou na paisaxe, incluídas as destinadas á explotación ou ao aproveitamento dos recursos naturais ou do solo e do subsolo, así como das augas continentais ou mariñas.

c) “Estudo de impacto ambiental”: documento elaborado polo promotor, que acompaña o proxecto e identifica, describe, cuantifica e analiza os posibles efectos significativos sobre o ambiente derivados ou que poidan derivar do proxecto, así como a vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes, o risco de que se produzan os ditos accidentes graves ou catástrofes e a obrigatoria análise dos probables efectos adversos significativos no ambiente en caso de aconteceren. Tamén analiza as diversas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, e determina as medidas necesarias para previr, corrixir e, se for o caso, compensar os efectos adversos sobre o ambiente.

d) “Declaración de impacto ambiental”: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que finaliza a avaliación de impacto ambiental ordinaria, que avalía a integración dos aspectos ambientais no proxecto e determina as condicións que deben establecerse para a adecuada protección do ambiente e dos recursos naturais durante a execución e a explotación e, se for o caso, o cesamento, o desmantelamento ou a demolición do proxecto.

e) “Informe de impacto ambiental”: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental con que finaliza a avaliación de impacto ambiental simplificada.

f) “Vulnerabilidade do proxecto”: características físicas dun proxecto que poden incidir nos posibles efectos adversos significativos que sobre o ambiente se poidan producir como consecuencia dun accidente grave ou dunha catástrofe.

g) “Accidente grave”: suceso, como unha emisión, un incendio ou unha explosión de gran magnitude, que resulte dun proceso non controlado durante a execución, explotación, desmantelamento ou demolición dun proxecto, que supoña un perigo grave, xa sexa inmediato ou diferido, para as persoas ou o ambiente.

h) “Catástrofe”: suceso de orixe natural, como inundacións, subida do nivel do mar ou terremotos, alleo ao proxecto, que produce gran destrución ou dano sobre as persoas ou o ambiente.»

Catro. O artigo 8 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 8. *Supostos excluídos de avaliación ambiental e proxectos excluibles.*

1. Non serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica os seguintes plans e programas:

- a) Os que teñan como único obxecto a defensa nacional ou a protección civil en casos de emerxencia.
- b) Os de tipo financeiro ou orzamentario.

2. O órgano substantivo poderá determinar, caso por caso, que a avaliación de impacto ambiental non se aplicará aos proxectos ou partes de proxectos que teñan como único obxectivo a defensa e aos proxectos que teñan como único obxectivo a resposta a casos de emerxencia civil, cando tal aplicación poida ter repercusións negativas sobre tales obxectivos.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 49, o Consello de Ministros, no ámbito da Administración xeral do Estado ou, se for o caso, o órgano que determine a lexislación de cada comunidade autónoma, no seu respectivo ámbito de competencias, poderán, por proposta do órgano substantivo, en supostos excepcionais e mediante acordo motivado, excluír un proxecto determinado da avaliación de impacto ambiental, cando a súa aplicación poida ter efectos prexudiciais para a finalidade do proxecto, ou aqueles proxectos que consistan en obras de reparación ou mellora de infraestruturas críticas, definidas na Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, que fosen danadas como consecuencia de acontecementos catastróficos ou cuxo reforzo sexa necesario para garantir a seguridade nacional.

4. Nos casos previstos na epígrafe anterior, por proposta do órgano substantivo, o Consello de Ministros no ámbito da Administración xeral do Estado ou, se for o caso, o órgano que determine a lexislación de cada comunidade autónoma, no seu respectivo ámbito de competencias, decidirá no acordo de exclusión se procede someter o proxecto a outra forma alternativa de avaliación que cumpra os principios e obxectivos desta lei, que realizará o órgano substantivo.

O órgano substantivo publicará o acordo de exclusión e os motivos que o xustifican no “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente. Adicionalmente, porá á disposición do público a información relativa á decisión de exclusión e os motivos que a xustifican, e o exame sobre as formas alternativas de avaliación do proxecto excluído.

O órgano substantivo comunicará a información prevista no parágrafo anterior á Comisión Europea, con carácter previo á autorización do proxecto.

5. As posibilidades de exclusión reguladas neste artigo non eximirán o promotor de efectuar unha avaliación das repercusións sobre os espazos Rede Natura 2000, cando se trate de plans, programas e proxectos que, sen teren relación directa coa xestión do lugar ou sen seren necesarios para esta, poidan afectar de forma apreciable as especies ou hábitats dos citados espazos, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos.

Para isto, o promotor elaborará un informe de repercusións sobre os hábitats e especies obxectivo de conservación dos espazos afectados, incluíndo as medidas preventivas, correctoras e compensatorias Rede Natura 2000 adecuadas para o seu mantemento nun estado de conservación favorable, e un esquema de seguimento ambiental, e o órgano substantivo consultará preceptivamente o órgano competente na xestión dos espazos Rede Natura 2000 afectados, para remitir posteriormente o informe xunto coa consulta ao órgano ambiental, co obxecto de que este determine, á vista do expediente, se o plan, programa ou proxecto causará un prexuízo á integridade dalgún espazo Rede Natura 2000. En caso afirmativo, tramitarase o procedemento regulado polos números 4 a 7 do artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de

decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. A aprobación do proxecto incluírá expresamente as medidas e o programa de seguimento ambiental adoptados.

En casos de forza maior, reacción ante catástrofes ou accidentes graves, parte ou todas as actuacións sinaladas no parágrafo anterior poderán realizarse a posteriori e as ditas circunstancias xustificaranse na aprobación do proxecto.»

Cinco. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Obrigacións xerais.*

1. Os plans e os programas incluídos no ámbito de aplicación desta lei deberán someterse a unha avaliación ambiental antes da súa adopción ou aprobación. Así mesmo, os proxectos incluídos no ámbito de aplicación desta lei que poidan ter efectos significativos no ambiente, en virtude, entre outras cousas, da súa natureza, dimensións ou localización, deberán someterse a unha avaliación ambiental antes da súa autorización, ou ben, se procede, no caso de proxectos, antes da presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa a que se refire o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Carecerán de validez os actos de adopción, aprobación ou autorización dos plans, programas e proxectos que, estando incluídos no ámbito de aplicación desta lei, non se sometesen a avaliación ambiental, sen prexuízo das sancións que, se for o caso, poidan corresponder.

Non se realizará a avaliación de impacto ambiental regulada no título II dos proxectos incluídos no artigo 7 desta lei que se encontren parcial ou totalmente executados sen sometérense previamente ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

2. Cando o acceso a unha actividade ou ao seu exercicio exixa unha declaración responsable ou unha comunicación previa e, de acordo con esta lei, requira unha avaliación de impacto ambiental, a declaración responsable ou a comunicación previa non poderán presentarse ante o órgano substantivo antes da publicación no “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental. Só con posterioridade á dita publicación, o órgano substantivo, mediante resolución, admitirá a declaración responsable ou comunicación previa.

A declaración responsable ou a comunicación previa relativa a un proxecto carecerá de validez e eficacia para todos os efectos se, debendo ter sido sometido a unha avaliación ambiental, non o foi, sen prexuízo das sancións que, se for o caso, procedan.

3. Co fin de garantir a participación efectiva, os trámites de información pública e de consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas regulados nesta lei efectuaranse por vía electrónica e mediante anuncios públicos ou outros medios apropiados que garantan a máxima difusión á cidadanía dentro dos municipios afectados e dos estremeiros.

As administracións públicas, dentro do trámite de información pública, adoptarán as medidas necesarias para garantir que a información pertinente sexa accesible electronicamente por parte do público, a través, ao menos, dun portal central ou de puntos de acceso sinxelo, no nivel da Administración territorial correspondente.

4. Cando as persoas interesadas que deban ser consultadas sexan descoñecidas, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente.

Adicionalmente, nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos publicaranse anuncios no taboleiro de edictos e, se for o caso, na páxina web dos concellos afectados. O prazo de exposición será de trinta días hábiles. Transcorrido o prazo de consulta, o concello remitirá ao órgano substantivo ou, se for o caso, ao órgano ambiental un certificado de exposición pública en que faga constar o lugar e o período en que estivo exposta a documentación ambiental.

5. As administracións públicas garantirán que os órganos ambientais dispoñen de coñecementos para examinar os estudos e documentos ambientais estratéxicos, e os estudos e documentos de impacto ambiental, e que, de ser necesario, poden solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os ditos coñecementos.»

Seis. O artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 11. *Determinación do órgano ambiental e do órgano substantivo.*

1. Corresponde ao órgano do ministerio competente en materia de ambiente que se determine regulamentariamente exercer as funcións atribuídas por esta lei ao órgano ambiental cando se trate da avaliación ambiental de plans, programas ou proxectos que deban ser adoptados, aprobados ou autorizados pola Administración xeral do Estado e polos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, ou que sexan obxecto de declaración responsable ou comunicación previa ante esta Administración.

2. As funcións atribuídas por esta lei ao órgano ambiental e ao órgano substantivo, en canto á tramitación dos distintos procedementos, corresponderán aos órganos que determine a lexislación de cada comunidade autónoma cando se trate da avaliación ambiental de plans, programas ou proxectos que deban ser adoptados, aprobados ou autorizados polas comunidades autónomas ou que sexan obxecto de declaración responsable ou comunicación previa ante estas.

3. No caso de plans, programas e proxectos cuxa adopción, aprobación ou autorización corresponda ás entidades locais, as funcións atribuídas por esta lei ao órgano ambiental e ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da Administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.»

Sete. O artigo 15 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 15. *Confidencialidade.*

1. As administracións públicas que interveñen nos procedementos de avaliación ambiental deberán respectar a confidencialidade das informacións achegadas polo promotor que, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos das persoas físicas, teñan o dito carácter, tendo en conta, en todo caso, a protección do interese público, sen prexuízo do establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

2. O promotor deberá indicar que parte da información contida na documentación presentada considera que debería gozar de confidencialidade. A Administración competente decidirá sobre a información que, segundo a lexislación vixente, estea exceptuada do segredo comercial ou industrial, incluída a propiedade intelectual, e sobre a información amparada pola confidencialidade.»

Oito. O artigo 16 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 16. *Capacidade técnica e responsabilidade do autor dos estudos e documentos ambientais.*

1. O promotor garantizará que o documento inicial estratéxico, o estudo ambiental estratéxico e o documento ambiental estratéxico, no caso da avaliación ambiental estratéxica, e o documento inicial, o estudo de impacto ambiental e o documento ambiental, no caso da avaliación de impacto ambiental, foron realizados por persoas que posúen a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior, e terán a calidade e exhaustividade necesarias para cumprir as exixencias desta lei. Para isto, os

estudos e documentos ambientais mencionados deberán identificar o seu autor ou autores indicando a súa titulación e, se for o caso, profesión regulada. Ademais, deberá constar a data de conclusión e a sinatura do autor.

2. Os autores dos citados documentos serán responsables do contido e fiabilidade dos estudos e documentos ambientais citados no número anterior, excepto no que se refire aos datos recibidos da Administración de forma fidedigna.»

Nove. O número 4 do artigo 21 queda redactado da seguinte maneira:

«4. O órgano substantivo adoptará as medidas necesarias para garantir que a documentación que debe someterse a información pública teña a máxima difusión entre o público, utilizando os medios electrónicos e outros medios de comunicación.»

Dez. O número 1 do artigo 22 queda modificado como segue:

«1. Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano substantivo someterá a versión inicial do plan ou programa, acompañado do estudo ambiental estratéxico, a consulta das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas que fosen previamente consultadas de conformidade co artigo 19.

Estas consultas poderá realizalas o promotor en lugar do órgano substantivo cando, de acordo coa lexislación sectorial, corresponda ao promotor a tramitación administrativa do plan ou programa.

A consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas realizarase por medios electrónicos ou calquera outro, sempre que se acredite a realización da consulta.»

Once. O primeiro parágrafo do número 4 do artigo 28 queda modificado como segue:

«4. O órgano ambiental consultará, polo prazo mínimo de corenta e cinco días hábiles, o promotor, o órgano substantivo e as administracións públicas afectadas e persoas interesadas previamente consultadas de acordo co artigo 22, co obxecto de que emitan os informes e formulen cantas alegacións consideren oportunas e acheguen cuantos documentos consideren precisos. A consulta realizarase por medios electrónicos ou calquera outro, sempre que se acredite a realización da consulta.»

Doce. O artigo 33 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 33. *Trámites e prazos da avaliación de impacto ambiental ordinaria.*

1. A avaliación de impacto ambiental ordinaria constará dos seguintes trámites:

- a) Elaboración do estudo de impacto ambiental polo promotor.
- b) Sometemento do proxecto e do estudo de impacto ambiental a información pública e consultas ás administracións públicas afectadas e persoas interesadas, polo órgano substantivo.
- c) Análise técnica do expediente polo órgano ambiental.
- d) Formulación da declaración de impacto ambiental polo órgano ambiental.
- e) Integración do contido da declaración de impacto ambiental na autorización do proxecto polo órgano substantivo.

2. Con carácter potestativo, o promotor poderá solicitar, de conformidade co artigo 34, que o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental. O prazo máximo para a súa elaboración é de tres meses.

3. Con carácter obrigatorio, o órgano substantivo, dentro do procedemento substantivo de autorización do proxecto, realizará os trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Os trámites de información pública e de consultas terán unha vixencia dun ano desde a súa finalización. Transcorrido este prazo sen que o órgano substantivo

dese traslado do expediente ao órgano ambiental, de conformidade co artigo 39.4, para a avaliación de impacto ambiental ordinaria, o órgano substantivo declarará a caducidade dos citados trámites.

4. A análise técnica do expediente de impacto ambiental e a formulación da declaración de impacto ambiental realizaranse no prazo de catro meses, contados desde a recepción completa do expediente de impacto ambiental. Este prazo poderá prorrogarse dous meses adicionais por razóns xustificadas, debidamente motivadas.»

Trece. O número 2 do artigo 34 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Para isto, o promotor presentará ante o órgano substantivo unha solicitude de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, acompañada do documento inicial do proxecto, que conterà, como mínimo, a seguinte información:

a) A definición e as características específicas do proxecto, incluída a súa localización, viabilidade técnica e o seu probable impacto sobre o ambiente, así como unha análise preliminar dos efectos previsibles sobre os factores ambientais derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes.

b) As principais alternativas que se consideran e unha análise dos potenciais impactos de cada unha delas.

c) Un diagnóstico territorial e do ambiente afectado polo proxecto.

O órgano substantivo, unha vez comprobada formalmente a adecuación da documentación presentada, remitiraa, no prazo de dez días hábiles, ao órgano ambiental para que elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental.»

Catorce. O artigo 35 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 35. *Estudo de impacto ambiental.*

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 34.6, o promotor elaborará o estudo de impacto ambiental que conterà, ao menos, a seguinte información nos termos desenvolvidos no anexo VI:

a) Descrición xeral do proxecto que inclúa información sobre a súa localización, deseño, dimensións e outras características pertinentes do proxecto; e previsións no tempo sobre a utilización do solo e doutros recursos naturais. Estimación dos tipos e cantidades de residuos xerados e emisións de materia ou enerxía resultantes.

b) Descrición das diversas alternativas razoables estudadas que teñan relación co proxecto e as súas características específicas, incluída a alternativa cero, ou de non realización do proxecto, e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos do proxecto sobre o ambiente.

c) Identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos posibles efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a auga, o medio mariño, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados durante as fases de execución, explotación e, se for o caso, durante a demolición ou abandono do proxecto.

Incluirase unha epígrafe específica para a avaliación das repercusións do proxecto sobre espazos Rede Natura 2000 tendo en conta os obxectivos de conservación de cada lugar, que inclúa os referidos impactos, as correspondentes medidas preventivas, correctoras e compensatorias Rede Natura 2000 e o seu seguimento.

Cando se comprobe a existencia dun prexuízo á integridade da Rede Natura 2000, o promotor xustificará documentalmente a inexistencia de alternativas e a concorrencia das razóns imperiosas de interese público de primeira orde mencionadas no artigo 46, números 5, 6 e 7 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Cando o proxecto poida causar a longo prazo unha modificación hidromorfolóxica nunha masa de auga superficial ou unha alteración do nivel nunha masa de auga subterránea que poidan impedir que alcance o bo estado ou potencial, ou que poida supor unha deterioración do estado ou potencial, incluírase unha epígrafe específica para a avaliación das súas repercusións a longo prazo sobre os elementos de calidade que definen o estado ou potencial das masas de auga afectadas.

d) Incluírase unha epígrafe específica que conteña a identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos efectos esperados sobre os factores enumerados na letra c), derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes, sobre o risco de que se produzan os ditos accidentes ou catástrofes, e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o ambiente, en caso de aconteceren, ou ben informe xustificativo sobre a non aplicación desta epígrafe ao proxecto.

Para realizar os estudos mencionados nesta epígrafe, o promotor incluírá a información relevante obtida a través das avaliacións de risco realizadas de conformidade coas normas que sexan de aplicación ao proxecto.

e) Medidas que permitan previr, corrixir e, se for o caso, compensar os posibles efectos adversos significativos sobre o ambiente e a paisaxe.

f) Programa de vixilancia ambiental.

g) Resumo non técnico do estudo de impacto ambiental e conclusións en termos facilmente comprensibles.

2. Cando o órgano ambiental elaborase o documento de alcance de conformidade co disposto no artigo 34, o promotor elaborará o estudo de impacto ambiental axustándose á información requirida no dito documento.

3. Co fin de evitar a duplicidade de avaliacións, o promotor, ao elaborar o estudo de impacto ambiental, terá en conta os resultados dispoñibles doutras avaliacións pertinentes en virtude da lexislación comunitaria ou nacional.

Para estes efectos, a Administración porá á disposición do promotor que así solicite os informes e calquera outra documentación que figure no seu poder cando resulte de utilidade para a realización do estudo de impacto ambiental.

4. O estudo de impacto ambiental perderá a súa validez se no prazo dun ano desde a data da súa conclusión non se presentase ante o órgano substantivo para a realización da información pública e das consultas.»

Quince. O artigo 36 queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Información pública do proxecto e do estudo de impacto ambiental.*

1. O promotor presentará o proxecto e o estudo de impacto ambiental ante o órgano substantivo, que os someterá a información pública durante un prazo non inferior a trinta días hábiles, logo do anuncio no “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial que corresponda e na súa sede electrónica.

Esta información pública levarase a cabo nunha fase do procedemento substantivo de autorización do proxecto en que estean abertas todas as opcións relativas á determinación do contido, á extensión e á definición do proxecto.

No caso de proxectos que deban ser autorizados pola Administración xeral do Estado e que, ademais, requiran unha autorización ambiental integrada segundo o disposto no texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, o órgano substantivo realizará a información pública a que se refire este artigo.

Cando se trate de proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa, incumbirá ao órgano ambiental a realización da información pública.

2. No anuncio do inicio da información pública, o órgano substantivo ou, se for o caso, o órgano ambiental incluírá un resumo do procedemento de autorización do proxecto, que conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) Indicación de que o proxecto está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, así como de que, se for o caso, pode resultar de aplicación o previsto no capítulo III deste título en materia de consultas transfronteirizas.

b) Identificación do órgano competente para autorizar o proxecto ou, no caso de proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa, identificación do órgano ante o cal deba presentarse a mencionada declaración ou comunicación previa; identificación daqueles órganos de que poida obterse información pertinente e daqueles aos cales poidan presentarse alegacións, así como do prazo dispoñible para a súa presentación.

3. O órgano substantivo ou, se for o caso, o órgano ambiental adoptará as medidas necesarias para garantir que a documentación que debe someterse a información pública teña a máxima difusión entre o público, utilizando os medios electrónicos e outros medios de comunicación.»

Dezaseis. O artigo 37 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 37. *Consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.*

1. Simultaneamente ao trámite de información pública, o órgano substantivo consultará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas sobre os posibles efectos significativos do proxecto, que incluírán a análise dos probables efectos adversos significativos sobre o ambiente derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes que incidan no proxecto.

Cando se trate de proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa, corresponderá ao órgano ambiental realizar a consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. O órgano substantivo deberá solicitar con carácter preceptivo os seguintes informes, que deberán estar debidamente motivados:

a) Informe do órgano con competencias en materia de ambiente da comunidade autónoma onde se localice territorialmente o proxecto.

b) Informe sobre o patrimonio cultural, cando proceda.

c) Informe dos órganos con competencias en materia de planificación hidrolóxica e de dominio público hidráulico, e en materia de calidade das augas, cando proceda.

d) Informe sobre dominio público marítimo-terrestre e as estratexias mariñas cando proceda, de acordo coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e coa Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, respectivamente.

e) Informe preliminar do órgano con competencias en materia de impacto radiolóxico, cando proceda.

f) Informe dos órganos con competencias en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes, se for o caso.

g) Informe sobre a compatibilidade do proxecto coa planificación hidrolóxica ou da planificación da demarcación mariña, cando proceda.

h) Informe do Ministerio de Defensa no caso de que o proxecto incida sobre zonas declaradas de interese para a defensa nacional e terreos, edificacións e instalacións, incluídas as súas zonas de protección, afectos á defensa nacional. O informe terá carácter vinculante no que afecte a defensa nacional.

i) Informe dos órganos con competencias en materia de saúde pública, cando proceda.

As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán establecer o carácter preceptivo de calquera outro informe distinto dos anteriormente mencionados.

3. As consultas realizaranse mediante unha notificación que conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) O estudo de impacto ambiental, ou o lugar ou lugares en que pode ser consultado.
- b) O órgano a que se deben remitir os informes e alegacións.
- c) Toda a documentación relevante sobre o proxecto para efectos da avaliación ambiental que figure en poder do órgano substantivo.

A consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas realizarase por medios electrónicos e mediante anuncios ou calquera outro medio, sempre que se acredite a realización da consulta.

4. As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas disporán dun prazo máximo de trinta días hábiles desde a recepción da notificación para emitir os informes e formular as alegacións que consideren pertinentes.

5. O órgano substantivo porá á disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas aqueloutra información distinta da prevista no número 3 que só poida obterse unha vez expirado o período de información pública a que se refire o artigo 36 e que resulte relevante para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.»

Dezasete. O artigo 38 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 38. *Modificación do proxecto ou do estudo de impacto ambiental e novo trámite de información pública e de consultas.*

1. No prazo máximo de trinta días hábiles desde a finalización dos trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, o órgano substantivo remitirá ao promotor os informes e alegacións recibidas para a súa consideración na redacción, se for o caso, da nova versión do proxecto e no estudo de impacto ambiental.

2. Se, como consecuencia do trámite de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, o promotor incorporar no proxecto ou no estudo de impacto ambiental modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente, realizarase un novo trámite de información pública e consultas nos termos previstos nos artigos 36 e 37 que, en todo caso, será previo á formulación da declaración de impacto ambiental.

3. Non se terán en conta os informes ou alegacións recibidos fóra dos prazos establecidos nos artigos 36 e 37.»

Dezaoito. O artigo 39 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 39. *Avaliación de impacto ambiental ordinaria.*

1. Dentro do procedemento substantivo de autorización do proxecto, o promotor presentará ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria, acompañada da seguinte documentación, que constituirá o contido mínimo do expediente de avaliación de impacto ambiental:

- a) O documento técnico do proxecto.
- b) O estudo de impacto ambiental.
- c) As alegacións e informes recibidos nos trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas en virtude do artigo 37 e, se for o caso, dos artigos 34 e 38.2.

2. Se o órgano substantivo comproba que a solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria non inclúe os documentos sinalados no número anterior, requirirá o promotor para que, nun prazo de dez días hábiles, achegue os documentos preceptivos, cos efectos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Con relación ao estudo de impacto ambiental, documento básico para a realización da avaliación de impacto ambiental, constatarase que se incluíron nel as epígrafes específicas recollidas no artigo 35.1.

Así mesmo, o órgano substantivo comprobará que a documentación presentada cumpre os requisitos exixidos pola lexislación sectorial.

3. Unha vez realizadas as comprobacións anteriores, o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria e os documentos que a deben acompañar.

4. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunha das seguintes razóns:

a) Se considera de modo inequívoco que o proxecto é manifestamente inviable por razóns ambientais.

b) Se considera que o estudo de impacto ambiental non reúne condicións de calidade suficientes.

c) Se xa inadmitiu ou xa ditou unha declaración de impacto ambiental desfavorable nun proxecto substantivamente análogo ao presentado.

Con carácter previo á adopción da resolución pola cal se acorde a inadmisión, o órgano ambiental dará audiencia ao promotor, e informará disto ao órgano substantivo, por un prazo de dez días hábiles que suspende o previsto para declarar a inadmisión.

A resolución de inadmisión xustificará as razóns polas cales se aprecia, e fronte a ela poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso.»

Dezanove. O artigo 40 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 40. *Análise técnica do expediente.*

1. O órgano ambiental realizará unha análise formal do expediente de avaliación de impacto ambiental e comprobará que está completa.

Se desta análise resulta que non constan no expediente os informes previstos no artigo 37.2, ou que a información pública ou as consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas non se realizaron conforme o establecido nesta lei, ou que o estudo de impacto ambiental elaborado polo promotor resulta incompleto por omisión dalgunha das epígrafes específicas recollidas no artigo 35.1, o órgano ambiental requirirá o órgano substantivo para que emende o expediente no prazo de tres meses, e quedará suspendido o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Se, transcorridos tres meses, o órgano substantivo non remitiu a información solicitada, ou se unha vez presentado o expediente segue estando incompleto, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria, e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso.

2. Unha vez completado formalmente o expediente, o órgano ambiental efectuará a análise técnica do expediente.

Se durante esta análise comproba que algún dos informes preceptivos a que se refire o artigo 37.2 ou as epígrafes específicas recollidas no artigo 35.1 non resulta suficiente para dispor dos elementos de xuízo necesarios para poder realizar a

avaliación de impacto ambiental, o órgano ambiental dirixirase ao órgano substantivo para que se completen os informes.

Se, transcorridos tres meses, o órgano substantivo non remitiu os informes solicitados ou, se unha vez presentados, o seu contido segue resultando insuficiente, o órgano ambiental requirirá persoalmente o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que tería que emitir o informe para que, no prazo de dez días, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do informe solicitado no prazo de dez días, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicárase ao órgano substantivo e ao promotor, e suspenderá o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Se, transcorrido o prazo de dez días, o órgano ambiental non recibiu o informe, o órgano ambiental comunicará ao órgano substantivo e ao promotor a imposibilidade de continuar o procedemento, dará por finalizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe a través do procedemento previsto no artigo 29 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. Así mesmo, se durante a análise técnica do expediente o órgano ambiental aprecia:

- a) que é necesaria información adicional relativa ao estudo de impacto ambiental ou, se for o caso, que o contido do estudo de impacto ambiental non é acorde coa información requirida no documento de alcance; ou ben
- b) que o promotor non tivo debidamente en conta as alegacións recibidas durante os trámites de información pública e consultas, requirirá o promotor, informando disto ao órgano substantivo, para que complete a información que resulte imprescindible para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Se, transcorridos tres meses, o promotor non remitiu a información requirida ou, unha vez presentada, esta segue sendo insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso. O prazo de tres meses previsto neste parágrafo poderase ampliar en casos excepcionais, debidamente motivados, por instancia do órgano substantivo, e por un tempo que non exceda a metade do dito prazo.

4. Durante a análise técnica do expediente o órgano ambiental poderá solicitar, en calquera momento, xa sexa directamente ou a través do órgano substantivo, o informe de organismos científicos ou académicos que resulten necesarios para dispor dos elementos de xuízo suficientes para poder realizar a avaliación de impacto ambiental. Estes organismos deberán pronunciarse no prazo de trinta días hábiles desde a recepción da solicitude. O órgano ambiental trasladará copia dos informes recibidos ao órgano substantivo.

Se, transcorrido o prazo de trinta días hábiles, o órgano ambiental non recibiu os informes solicitados dará por finalizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso.

5. Se o órgano ambiental considera necesario que as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas se pronuncien sobre a nova información recibida en virtude dos números 3 e 4, requirirá o órgano substantivo para que realice unha nova consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles desde a recepción da

documentación, quedando suspendido o prazo para a formulación da declaración de impacto ambiental.

Transcorrido o prazo de trinta días hábiles, o procedemento continuará se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para formular a declaración de impacto ambiental. En caso contrario, o órgano ambiental comunicará ao órgano substantivo e ao promotor a imposibilidade de continuar o procedemento, dará por finalizada a avaliación de impacto ambiental ordinaria e notificará ao promotor e ao órgano substantivo a resolución de terminación. Contra esta resolución poderán interporse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso.

O prazo de trinta días previsto no parágrafo anterior poderase ampliar en casos excepcionais, debidamente motivados, por instancia do órgano substantivo, e por un tempo que non exceda a metade do dito prazo.»

Vinte. O número 2 do artigo 41 queda redactado do seguinte modo:

«2. A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, que concluirá sobre os efectos significativos do proxecto no ambiente e, se for o caso, establecerá as condicións en que pode desenvolverse para a adecuada protección dos factores enumerados no artigo 35.1.c) durante a execución e a explotación e, se for o caso, o cesamento, o desmantelamento ou demolición do proxecto, así como, se for o caso, as medidas preventivas, correctoras e compensatorias. A declaración de impacto ambiental incluirá, ao menos, o seguinte contido:

a) A identificación do promotor do proxecto e do órgano substantivo, e a descrición do proxecto.

b) O resumo do resultado do trámite de información pública e das consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, e como se tiveron en consideración.

c) O resumo da análise técnica realizada polo órgano ambiental.

d) Se proceden, as condicións que deban establecerse e as medidas que permitan previr, corrixir e, se for o caso, compensar os efectos adversos sobre o ambiente.

e) Se for o caso, a conclusión da avaliación das repercusións sobre a Rede Natura 2000. Cando se comprobe a existencia dun prexuízo á integridade da Rede Natura 2000, incluírase unha referencia á xustificación documental efectuada polo promotor de acordo co artigo 35.1.c), segundo parágrafo e, cando procedan, as medidas compensatorias Rede Natura 2000 que deban establecerse en caso de concorreren as circunstancias previstas no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

f) O programa de vixilancia ambiental.

g) Se procede, a creación dunha comisión de seguimento.

h) En caso de operacións periódicas, a motivación da decisión e o prazo a que se refire a disposición adicional décima.

i) No caso de proxectos que vaian causar a longo prazo unha modificación hidromorfolóxica nunha masa de auga superficial ou unha alteración do nivel nunha masa de auga subterránea, determinarase se da avaliación practicada se deduciu que isto impedirá que alcance o bo estado ou potencial, ou que isto suporá unha deterioración do seu estado ou potencial da masa de auga afectada. En caso afirmativo, a declaración incluirá, ademais:

1.º Relación de todas as medidas factibles, que se deducisen da avaliación, para paliar os efectos adversos do proxecto sobre o estado ou potencial das masas de auga afectadas.

2.º Referencia á conformidade da unidade competente en planificación hidrolóxica do organismo de bacía coa avaliación practicada e medidas mitigadoras sinaladas.»

Vinte e un. O artigo 42 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 42. *Autorización do proxecto e publicidade.*

1. O órgano substantivo deberá ter debidamente en conta, no procedemento de autorización do proxecto, que deberá resolverse nun prazo razoable, a avaliación de impacto ambiental efectuada, incluídos os resultados das consultas.

2. A autorización do proxecto incluírá, como mínimo, a seguinte información contida na declaración de impacto ambiental:

a) A conclusión sobre os efectos significativos do proxecto no ambiente, tendo en conta a declaración de impacto ambiental.

b) As condicións ambientais establecidas, así como unha descrición das características do proxecto e as medidas previstas para previr, corrixir e, se for posible, compensar os efectos adversos significativos no ambiente, así como, se for o caso, medidas de seguimento e o órgano encargado deste.

3. A decisión de denegar unha autorización indicará as principais razóns da denegación.

4. O órgano substantivo, no prazo máis breve posible e en todo caso antes dos quince días hábiles desde que adopte a decisión de autorizar ou denegar o proxecto, remitirá ao “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente, para a súa publicación, un extracto do contido da dita decisión que conterá, ao menos, a seguinte información:

a) O contido da decisión e as condicións que eventualmente a acompañen.

b) Os principais motivos e consideracións en que se basea a decisión, incluída a información obtida de conformidade cos artigos 36 e 37 e, se procede, 34 e 38.2, e como esa información se incorporou ou considerou, en particular, as observacións recibidas do Estado membro afectado a que se refire o artigo 49.

Así mesmo, publicará na súa sede electrónica unha referencia ao “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente en que se publicou a declaración de impacto ambiental e o extracto sobre a decisión de autorizar ou denegar o proxecto.

5. A información a que se refire o número anterior será enviada aos Estados membros que fosen consultados segundo o capítulo III deste título, relativo ás consultas transfronteirizas.»

Vinte e dous. O artigo 43 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 43. *Vixencia da declaración de impacto ambiental.*

1. A declaración de impacto ambiental do proxecto ou actividade perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente, non se comezase a execución do proxecto ou actividade no prazo de catro anos. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación de impacto ambiental do proxecto, salvo que se acorde a prórroga da vixencia da declaración de impacto ambiental nos termos previstos nas seguintes epígrafes.

Na falta de regulación específica, entenderase por inicio da execución do proxecto cando, unha vez obtidas todas as autorizacións que sexan exhibibles, comezasen materialmente as obras ou a montaxe das instalacións necesarias para a execución do proxecto ou actividade e así lle conste á Administración.

Para os efectos previstos nesta epígrafe, o promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberá comunicar ao órgano ambiental a data de comezo da execución do dito proxecto ou actividade.

No caso de que un procedemento xudicial afecte, directa ou indirectamente, a execución dun proxecto que conte con declaración de impacto ambiental, o transcurso do prazo de vixencia desta quedará en suspenso desde o seu inicio e até o momento en que o procedemento conte con sentenza xudicial firme.»

Vinte e tres. Os números 2, 3 e 4 do artigo 44 quedan redactados do seguinte modo:

«2. O procedemento de modificación das condicións da declaración de impacto ambiental poderá iniciarse de oficio ou por solicitude do promotor.

O órgano ambiental iniciará o dito procedemento de oficio, ben por propia iniciativa ben por petición razoada do órgano substantivo, ou por denuncia, mediante acordo.

3. No caso de que se recibise petición razoada ou denuncia, o órgano ambiental solicitará informe ao promotor con copia ao órgano substantivo sobre a petición. O órgano substantivo elaborará un informe coas observacións que considere oportunas sobre o informe do promotor.

O órgano ambiental deberá pronunciarse sobre a procedencia de acordar o inicio do procedemento no prazo de vinte días hábiles desde a recepción do informe do órgano substantivo.

No caso de que o órgano ambiental acorde o inicio do procedemento de modificación de condicións, este solicitará ao promotor ou, se for o caso, á persoa que presentase a denuncia, a través do órgano substantivo, a presentación da documentación para realizar a consulta ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas previamente consultadas. Se o promotor non a achega no prazo de trinta días hábiles, o órgano ambiental proseguirá coas actuacións.

4. No caso de que se inicie o procedemento por petición do promotor, no prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude do promotor de inicio da modificación de condicións da declaración de impacto ambiental, o órgano ambiental poderá resolver motivadamente a súa inadmisión e comunicará esta resolución ao órgano substantivo. Fronte a esta resolución, poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa ou xudicial, se for o caso.»

Vinte e catro. O artigo 45 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 45. *Solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada.*

1. Dentro do procedemento substantivo de autorización do proxecto, o promotor presentará ante o órgano substantivo, xunto coa documentación exixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, acompañada do documento ambiental, co seguinte contido:

a) A motivación da aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada.

b) A definición, características e localización do proxecto, en particular:

1.º unha descrición das características físicas do proxecto nas súas tres fases: construción, funcionamento e cesamento;

2.º unha descrición da localización do proxecto, en particular polo que respecta ao carácter sensible ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas.

c) Unha exposición das principais alternativas estudadas, incluída a alternativa cero, e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais.

d) Unha descrición dos aspectos ambientais que poidan verse afectados de maneira significativa polo proxecto.

e) Unha descrición e avaliación de todos os posibles efectos significativos do proxecto no ambiente, que sexan consecuencia:

1.º das emisións e dos refugallos previstos e da xeración de residuos;

2.º do uso dos recursos naturais, en particular o solo, a terra, a auga e a biodiversidade.

Descríbanse e analízanse, en particular, os posibles efectos directos ou indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, o solo, o aire, a auga, o medio mariño, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e, se for o caso, durante a demolición ou abandono do proxecto.

Cando o proxecto poida afectar directa ou indirectamente os espazos Rede Natura 2000, incluírase unha epígrafe específica para a avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do espazo.

Nos supostos previstos no artigo 7.2.b) describíranse e analízanse, exclusivamente, as repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do espazo Rede Natura 2000.

Cando o proxecto poida causar a longo prazo unha modificación hidromorfolóxica nunha masa de auga superficial ou unha alteración do nivel nunha masa de auga subterránea que poidan impedir que alcance o bo estado ou potencial ou que poidan supor unha deterioración do seu estado ou potencial, incluírase unha epígrafe específica para a avaliación das súas repercusións a longo prazo sobre os elementos de calidade que definen o estado ou potencial das masas de auga afectadas.

f) Incluírase unha epígrafe específica que conteña a identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos efectos esperados sobre os factores enumerados na letra e), derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes, sobre o risco de que se produzan os ditos accidentes ou catástrofes, e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o ambiente, en caso de que estes ocorran, ou ben informe xustificativo sobre a non aplicación desta epígrafe ao proxecto.

O promotor poderá utilizar a información relevante obtida a través das avaliacións de risco realizadas de conformidade con outras normas, como a normativa relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, así como a normativa que regula a seguridade nuclear das instalacións nucleares.

g) As medidas que permitan previr, reducir e compensar e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no ambiente da execución do proxecto.

h) A forma de realizar o seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no documento ambiental.

Os criterios do anexo III teranse en conta, se procede, ao compilar a información conforme esta epígrafe.

O promotor terá en conta, se for o caso, os resultados dispoñibles doutras avaliacións pertinentes dos efectos no ambiente que se realicen de acordo con outras normas. O promotor poderá proporcionar, así mesmo, unha descrición de calquera característica do proxecto e medidas previstas para previr o que, doutro modo, poderían ser efectos adversos significativos para o ambiente.

2. Se o órgano substantivo comproba que a solicitude de inicio non inclúe os documentos sinalados na epígrafe anterior requirirá o promotor para que, nun prazo

de dez días hábiles, achegue os documentos preceptivos, cos efectos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Con relación ao documento ambiental elaborado polo promotor, documento básico para a realización da avaliación de impacto ambiental simplificada, constatarase que nel se incluíron as epígrafes específicas recollidas no artigo 45.1.

Así mesmo, o órgano substantivo comprobará que o proxecto e a documentación presentada de conformidade coa lexislación sectorial cumpren os requisitos nela exixidos.

3. Unha vez realizadas as comprobacións anteriores, o órgano substantivo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar.

4. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunhas das seguintes razóns:

- a) Se considera de modo inequívoco que o proxecto é manifestamente inviable por razóns ambientais.
- b) Se considera que o documento ambiental non reúne condicións de calidade suficientes.

Con carácter previo á adopción da resolución pola cal se acorde a inadmisión, o órgano ambiental dará audiencia ao promotor e informará disto ao órgano substantivo, por un prazo de dez días hábiles que suspende o previsto para declarar a inadmisión.

A resolución de inadmisión xustificará as razóns polas cales se aprecia, e fronte a ela poderán interperse os recursos legalmente procedentes en vía administrativa e xudicial, se for o caso.»

Vinte e cinco. O artigo 47 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 47. *Informe de impacto ambiental.*

1. O órgano ambiental formulará o informe de impacto ambiental no prazo de tres meses contados desde a recepción da solicitude de inicio e dos documentos que a deben acompañar.

En casos excepcionais, debidamente xustificados, derivados da natureza, complexidade, localización ou dimensións do proxecto, o órgano ambiental poderá ampliar o prazo para formular o informe de impacto ambiental por un máximo de 45 días hábiles adicionais. En tal caso, o órgano ambiental informará o promotor dos motivos que xustifican a ampliación e do prazo máximo para a formulación do informe de impacto ambiental.

2. O órgano ambiental, tendo en conta a información facilitada polo promotor, o resultado das consultas realizadas e, se for o caso, os resultados de verificacións preliminares ou avaliacións dos efectos ambientais realizadas de acordo con outra lexislación, resolverá mediante a emisión do informe de impacto ambiental, que poderá determinar de forma motivada de acordo cos criterios do anexo III que:

a) O proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria porque podería ter efectos significativos sobre o ambiente. Neste caso, o promotor elaborará o estudo de impacto ambiental conforme o artigo 35.

Para isto, o promotor poderá solicitar ao órgano ambiental o documento de alcance do estudo de impacto ambiental nos termos do artigo 34.

b) O proxecto non ten efectos adversos significativos sobre o ambiente, nos termos establecidos no informe de impacto ambiental, que indicará, ao menos, as características do proxecto e as medidas previstas para previr o que, doutro modo, poderían ter sido efectos adversos significativos para o ambiente.

3. O informe de impacto ambiental remitirase para a súa publicación no prazo de quince días hábiles ao “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

4. No suposto previsto no número 2.b) o informe de impacto ambiental perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicado no “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente, non se autoriza o proxecto no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación, salvo que se acorde a prórroga da vixencia do informe de impacto ambiental nos termos previstos nas seguintes epígrafes.

5. O informe de impacto ambiental non será obxecto de recurso ningún sen prexuízo dos que, se for o caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, se for o caso, de autorización do proxecto.

6. O promotor poderá solicitar a prórroga da vixencia do informe de impacto ambiental antes de que transcorra o prazo de catro anos previsto no número 4. A solicitude formulada polo promotor suspenderá este prazo.

7. Presentada a solicitude, o órgano ambiental poderá acordar a prórroga da vixencia do informe de impacto ambiental en caso de que non se producisen cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron para realizar a avaliación de impacto ambiental simplificada, ampliando a súa vixencia por dous anos adicionais. Transcorrido este prazo sen que se comezase a execución do proxecto ou actividade, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación de impacto ambiental do proxecto.

8. O órgano ambiental resolverá sobre a solicitude de prórroga nun prazo de tres meses contados desde a data de presentación da dita solicitude. Previamente, o órgano ambiental solicitará informe ás administracións públicas afectadas por razón da materia en relación cos elementos esenciais que serviron para realizar a avaliación de impacto ambiental simplificada. Estas administracións deberán pronunciarse no prazo dun mes, que poderá ampliarse, por razóns debidamente xustificadas, por quince días hábiles máis.

9. Transcorrido o prazo sen que o órgano ambiental resolvese sobre a prórroga da vixencia do informe de impacto ambiental, entenderase estimada a solicitude de prórroga.»

Vinte e seis. O artigo 48 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 48. *Autorización do proxecto e publicidade.*

1. O órgano substantivo deberá ter debidamente en conta, no procedemento de autorización do proxecto, a avaliación de impacto ambiental efectuada, incluídos os resultados das consultas.

2. A decisión de concesión da autorización incluírá, como mínimo, a seguinte información:

a) A conclusión do informe de impacto ambiental sobre os efectos significativos do proxecto no ambiente.

b) As condicións ambientais establecidas no informe de impacto ambiental, así como unha descrición das características do proxecto e as medidas previstas para previr, corrixir e compensar e, se for posible, contrarrestar efectos adversos significativos no ambiente, así como, se for o caso, medidas de seguimento e o órgano encargado deste.

3. A decisión de denegar unha autorización indicará as principais razóns da denegación.

4. No suposto previsto no artigo 47.2.b), o órgano substantivo, no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes dos quince días hábiles desde que adopte a decisión de autorizar ou denegar o proxecto, remitirá ao “Boletín Oficial del Estado”

ou diario oficial correspondente, para a súa publicación, un extracto do contido da dita decisión.

Así mesmo, publicará na súa sede electrónica o contido da decisión e as condicións que eventualmente a acompañen, os principais motivos e consideracións en que se basea a decisión, incluída a información obtida de conformidade co artigo 46, e como esa información se incorporou ou considerou, en particular, as observacións recibidas do Estado membro afectado a se refire o artigo 49, e unha referencia ao “Boletín Oficial del Estado” ou diario oficial correspondente en que se publicou o informe de impacto ambiental.

5. A información a que se refire a epígrafe anterior será enviada aos Estados membros que fosen consultados segundo o capítulo III deste título, relativo ás consultas transfronteirizas.»

Vinte e sete. Os números 3, 4 e 8 do artigo 49 quedan redactados do seguinte modo e engádesse un novo número 9:

«3. A notificación ao Estado que poida ser afectado irá acompañada da seguinte documentación:

a) Un resumo do procedemento de adopción, aprobación ou autorización a que está suxeito o plan, programa ou proxecto, incluída a avaliación ambiental, e a fase do procedemento en que se realizarán as consultas transfronteirizas. Incluirá información sobre a natureza das decisións posibles que poidan tomarse.

b) A versión inicial do plan ou programa e a parte do estudo ambiental estratéxico relativa aos posibles efectos transfronteirizos, no caso de plans ou programas, ou o proxecto e a parte do estudo de impacto ambiental relativa aos posibles efectos transfronteirizos, no caso de proxectos.

c) Cando a notificación se realice no trámite de determinación do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico ou do estudo de impacto ambiental, incluirá o documento inicial do plan, programa ou proxecto en lugar da documentación sinalada na letra b).

4. Se o Estado afectado manifesta a súa intención de participar no procedemento de avaliación ambiental, o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, en colaboración co órgano ambiental e co órgano substantivo, e tendo en conta os acordos bilaterais ou multilaterais asinados por España para o efecto:

a) Fixará un calendario para a realización das consultas transfronteirizas e as medidas que deban ser adoptadas para garantir que as autoridades públicas afectadas e o público interesado do dito Estado poidan participar efectivamente no procedemento de avaliación ambiental, incluíndo que documentos deben ser traducidos. Adoptaranse as medidas necesarias para que teñan a oportunidade de expresar a súa opinión sobre a información proporcionada polo promotor e sobre a solicitude de autorización do proxecto.

b) Remitirá a versión inicial do plan ou programa e a parte do estudo ambiental estratéxico relativa aos posibles efectos transfronteirizos, no caso de plans ou programas, ou o proxecto e a parte do estudo de impacto ambiental relativa aos posibles efectos transfronteirizos, no caso de proxectos, cando esta documentación non se remitise xa. Poderanse pór á disposición os principais informes e ditames realizados polos órganos competentes.

O prazo para a realización das consultas previstas nesta epígrafe non poderá ser superior a tres meses.»

«8. Cando a competencia para a adopción, aprobación ou autorización dun plan, programa ou proxecto corresponda a unha comunidade autónoma, esta realizará todos os trámites previstos neste artigo a través do Ministerio de Asuntos

Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e informará disto ao ministerio competente en materia de ambiente.

9. O Estado a través de acordos internacionais específicos poderá constituír un organismo común sobre a base dunha representación equitativa para facilitar a cooperación necesaria nos proxectos con potencial impacto transfronteirizo.»

Vinte e oito. O artigo 52 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 52. *Seguimento das declaracións de impacto ambiental e dos informes de impacto ambiental.*

1. Corresponde ao órgano substantivo ou aos órganos que, se for o caso, designen as comunidades autónomas respecto dos proxectos que non sexan de competencia estatal, o seguimento do cumprimento da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental.

2. A declaración de impacto ambiental ou o informe de impacto ambiental poderá definir, en caso necesario, os requisitos de seguimento para o cumprimento das condicións establecidas neles, así como o tipo de parámetros que deben ser obxecto de seguimento e a duración do seguimento, que serán proporcionados en relación coa natureza, localización e dimensións do proxecto e coa importancia do seu impacto no ambiente.

Para estes efectos, o promotor remitirá ao órgano substantivo, en caso de que así se determinase na declaración de impacto ambiental ou no informe de impacto ambiental e nos termos establecidos nas citadas resolucións, un informe de seguimento sobre o cumprimento das condicións, ou das medidas preventivas, correctoras e compensatorias establecidas na declaración de impacto ambiental.

O informe de seguimento incluírá unha lista de comprobación das medidas previstas no programa de vixilancia ambiental. O programa de vixilancia ambiental e a lista de comprobación faranse públicos na sede electrónica do órgano substantivo e, previamente, comunicárase ao órgano ambiental a súa publicación na sede electrónica.

3. O promotor está obrigado a permitir aos funcionarios que teñan a condición de autoridade pública o acceso ás instalacións e lugares vinculados á execución do proxecto, de acordo coas garantías previstas no artigo 18 da Constitución. Así mesmo, o promotor estará obrigado a prestarlles a colaboración necesaria para o seu desenvolvemento, facilitando canta información e documentación lles sexa requirida para tal efecto.

4. As declaracións de impacto ambiental e os informes de impacto ambiental de proxectos de competencia estatal, salvo os proxectos suxeitos á normativa de enerxía nuclear e os destinados á produción de explosivos, poderán establecer, por proposta do órgano substantivo e co acordo expreso da comunidade autónoma, que o seguimento de determinadas condicións, medidas preventivas, correctoras e compensatorias sexa realizado polo órgano competente da comunidade autónoma.

5. O órgano ambiental poderá realizar comprobacións e solicitar información, para verificar o cumprimento do condicionado da declaración de impacto ambiental ou do informe de impacto ambiental, así como avaliar o grao de implementación, os resultados, a eficacia e a eficiencia das avaliacións de impacto ambiental realizadas, permitir unha mellora continua do método baseada na retroalimentación e elaborar estatísticas.

6. Para evitar duplicidades poderán utilizarse mecanismos de seguimento xa existentes.»

Vinte e nove. Os números 2 e 4 do artigo 56 quedan redactados como segue:

«2. As sancións prescribirán nos seguintes prazos, que se computarán desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción:

- a) As sancións moi graves, aos tres anos.
- b) As sancións graves, aos dous anos.
- c) As sancións leves, ao ano.

As sancións imporanse atendendo ás circunstancias do responsable, grao de culpa, reiteración, participación e beneficio obtido e grao do dano causado ao ambiente ou do perigo a que se expuxese a saúde das persoas, e deberán ser efectivas, disuasorias e proporcionadas, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

«4. Se as condutas sancionadas causasen danos ou perdas á Administración pública ou ao ambiente, carentes de previsión específica na lexislación sectorial, a resolución do procedemento declarará:

a) A existencia ao infractor da reposición da situación alterada pola infracción ao seu estado orixinario.

A este respecto, cando a comisión dunha infracción das previstas nesta norma producise un dano ambiental, procederase de conformidade co establecido na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, ou na normativa que, se for o caso, se dite para tal fin. Ou ben,

b) A indemnización polos danos e perdas causados, cando a súa contía quedase determinada durante o procedemento.»

Trinta. A disposición adicional terceira queda modificada como segue:

«Disposición adicional terceira. *Obrigacións de información.*

1. De conformidade co artigo 12.2 da Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente, o ministerio que teña as competencias en materia de ambiente remitirá á Comisión Europea, cada seis anos contados a partir do 16 de maio de 2017, información sobre:

a) O número de proxectos que se sometesen a unha avaliación de impacto ambiental e a súa desagregación por categorías de proxectos previstas nos anexos I e II.

b) O número de proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental simplificada.

c) A duración media do proceso de avaliación de impacto ambiental.

d) As estimacións xerais sobre o custo medio directo das avaliacións de impacto ambiental, incluído o impacto derivado da aplicación desta lei ás pemes.

Para estes efectos, e co fin de dispor de información actualizada, as comunidades autónomas remitirán ao ministerio que teña as competencias en materia de ambiente a información referida en relación cos proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental no seu ámbito de competencias antes do 31 de decembro de cada ano.

2. Así mesmo, as administracións públicas proporcionarán ao ministerio que teña as competencias en materia de ambiente calquera outra información que resulte necesaria para o cumprimento doutras obrigacións de información derivadas do dereito internacional e comunitario.»

Trinta e un. A disposición adicional sétima queda modificada como segue:

«Disposición adicional sétima. *Avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan afectar espazos da Rede Natura 2000.*

1. A avaliación dos plans, programas e proxectos que, sen ter relación directa coa xestión dun espazo Rede Natura 2000 ou sen ser necesaria para esta, poidan afectar de forma apreciable os citados lugares xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase, dentro dos procedementos previstos na presente lei, a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do dito lugar, conforme o disposto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Para acreditar que un plan, programa ou proxecto ten relación directa coa xestión dun espazo Rede Natura 2000 ou é necesario para a súa xestión, o promotor poderá sinalar a correspondente epígrafe do plan de xestión en que conste a dita circunstancia, ou ben solicitar informe ao órgano competente para a xestión do dito espazo.

Así mesmo, para acreditar que un plan, programa ou proxecto non é susceptible de causar efectos adversos apreciables sobre un espazo Rede Natura 2000, o promotor poderá sinalar a correspondente epígrafe do plan de xestión en que conste expresamente, como actividade permitida, o obxecto do dito plan, programa ou proxecto, ou ben solicitar informe ao órgano competente para a xestión do dito espazo.

Nos supostos previstos nos dous parágrafos anteriores, non será necesario someter o plan, programa ou proxecto a avaliación ambiental.

2. No suposto de plans, programas e proxectos competencia da Administración xeral do Estado, á vista das conclusións da avaliación ambiental sobre os espazos Rede Natura 2000, e supeditado ao disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, o ministerio competente en materia de ambiente fixará e supervisará as medidas compensatorias necesarias para garantir a coherencia global da Rede Natura 2000. Para a súa definición, solicitarase preceptivamente informe ao órgano competente das comunidades autónomas afectadas, que disporán dun prazo de trinta días hábiles para a súa emisión; transcorrido este sen que se recibise o informe, poderán proseguir as actuacións.

3. A remisión, se for o caso, da información á Comisión Europea sobre as medidas compensatorias Rede Natura 2000 que se adoptasen levaraa a cabo o ministerio competente en materia de ambiente a través do procedemento establecido regulamentariamente.»

Trinta e dous. A disposición adicional novena queda modificada como segue:

«Disposición adicional novena. *Certificacións sobre avaliacións ambientais.*

Para os efectos do previsto na normativa europea sobre fondos comunitarios, o órgano ambiental da Administración xeral do Estado será a autoridade competente para a emisión da certificación de non afección á Rede Natura 2000 dos proxectos cuxa autorización corresponda á Administración xeral do Estado e en cuxa avaliación de impacto ambiental, cando esta sexa preceptiva, se determinase que non existen afeccións a espazos Rede Natura 2000.

Para os mesmos efectos, o órgano ambiental da Administración xeral do Estado soamente emitirá certificacións sobre a inclusión dun proxecto no ámbito de aplicación da lei cando se trate de proxectos que se sometesen a avaliación de impacto ambiental e contén cun pronunciamiento ambiental.»

Trinta e tres. A disposición adicional décimo cuarta queda modificada como segue:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Rexistros para a identificación das persoas interesadas.*

1. Co fin de identificar as persoas interesadas que deban ser consultadas segundo o disposto nesta lei, as administracións públicas poderán crear rexistros para a inscrición das persoas físicas ou xurídicas que acrediten a condición de persoa interesada.

2. En virtude dos principios de información mutua, cooperación e colaboración, as administracións públicas establecerán os mecanismos máis eficaces para un efectivo intercambio de información sobre as persoas interesadas que se identificasen, en particular, a través da interconexión dos rexistros que se creen.»

Trinta e catro. Engádesse unha disposición adicional décimo sexta.

«Disposición adicional décimo sexta. *Avaliacións en execución de sentenza firme.*

1. Cando, como consecuencia de sentenza firme, deba efectuarse a avaliación dos posibles efectos significativos sobre o ambiente dun proxecto parcial ou totalmente realizado, a dita avaliación levarase a cabo a través dos procedementos previstos no título II, coas especificidades previstas nesta disposición.

2. A avaliación fundamentarase nos principios mencionados no artigo 2, substituíndo, cando proceda, o de acción preventiva e cautelar polo de compensación e reversión de impactos causados, e efectuarase mediante as análises prospectivas ou retrospectivas que procedan, tendo en conta a realidade física existente.

3. O documento ambiental e o estudo de impacto ambiental terán o contido establecido na lei e, adicionalmente, deberán:

a) Diferenciar, na descrición xeral do proxecto, a parte del xa realizada e a non realizada. Ademais, na análise das diversas alternativas examínase, en todo caso, a reposición da situación alterada ao seu estado orixinario.

b) Diferenciar, na caracterización e valoración dos efectos do proxecto sobre os factores que integran o ambiente, os correspondentes á parte realizada, mediante unha análise retrospectiva, e os da parte aínda non realizada, mediante unha análise prospectiva equivalente á dunha avaliación de impacto ambiental.

c) Incluír medidas de protección do ambiente que permitan corrixir, compensar ou revertir impactos causados polos elementos do proxecto xa realizados, incluída a eliminación de elementos do proxecto causantes de impactos severos e críticos; e previr, corrixir e compensar os impactos previstos para os elementos do proxecto aínda non realizados.

d) Diferenciar, no programa de vixilancia ambiental, as medidas correspondentes aos elementos do proxecto realizados dos non realizados.

4. A análise técnica do expediente efectuarase tendo en conta o seguinte:

a) Respecto da parte non realizada do proxecto efectuarase unha avaliación prospectiva de acordo cos principios da avaliación de impacto ambiental para previr, mitigar ou compensar os impactos adversos significativos previstos.

b) Respecto da parte xa realizada do proxecto, valorarase especialmente a idoneidade das medidas previstas para:

1.º Compensar os impactos significativos que foron causados até o momento sobre os elementos do ambiente que recibiron os ditos impactos.

2.º Corrixir a futuro cando isto sexa posible, e compensar cando o anterior resulte imposible ou, cando aínda sendo posible, se prevexa un impacto residual, os impactos significativos causados por elementos xa executados do proxecto que non resulten críticos.

3.º Substituír os elementos do proxecto que causan impactos severos ou críticos por novos elementos alternativos que non os causen, determinando nestes casos a reposición da situación alterada ao seu estado orixinario.

5. A declaración de impacto ou o informe de impacto ambiental incluírán os contidos previstos na lei e concluirán diferenciando os impactos asociados á parte do proxecto realizada e non realizada. Se for o caso, definirá as medidas correctoras, compensatorias ou de reversión dos impactos asociados á parte do proxecto realizada, xunto co seu correspondente programa de vixilancia ambiental.»

Trinta e cinco. Engádesse unha disposición adicional décimo sétima.

«Disposición adicional décimo sétima. *Instalacións militares.*

Calquera actuación administrativa ambiental ou doutra índole das comunidades autónomas ou das entidades locais que dimane da presente lei, que incida sobre zonas declaradas de interese para a defensa nacional e terreos, edificacións e instalacións, incluídas as súas zonas de protección, afectos á defensa nacional, necesitará o informe preceptivo do Ministerio de Defensa, que terá carácter vinculante no que afecte a defensa nacional.»

Trinta e seis. Engádesse unha disposición adicional décimo oitava:

«Disposición adicional décimo oitava. *Instalacións nucleares e radioactivas.*

De acordo co establecido na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear (CSN), no caso de proxectos que deban ser autorizados segundo o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, o Consello de Seguridade Nuclear será o órgano encargado de realizar a avaliación do impacto radiolóxico ambiental e do programa de vixilancia radiolóxica ambiental, así como a supervisión deste último, aplicando a normativa vixente sobre seguridade nuclear e protección radiolóxica.

Na avaliación de impacto ambiental ordinaria de proxectos que deban ser autorizados pola Administración xeral do Estado e que ademais estean suxeitos ao Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, o órgano substantivo realizará a información pública a que se refire o artigo 36, incluíndo un resumo das características fundamentais do proxecto. A declaración de impacto ambiental formularase unha vez que o Consello de Seguridade Nuclear informe sobre os datos achegados polo promotor, de acordo co anexo VI, para o cal se deberá arbitrar a oportuna coordinación entre o ministerio competente en materia de ambiente e o Consello de Seguridade Nuclear dentro do respecto ás súas respectivas competencias.

Na avaliación de impacto ambiental simplificada de proxectos que deban ser autorizados pola Administración xeral do Estado e que ademais estean suxeitos ao Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, o informe para valorar o impacto radiolóxico en operación normal e en caso de accidente realizarase de acordo coa regulamentación aplicable a este tipo de instalacións e coa que adicionalmente estableza o Consello de Seguridade Nuclear, logo de consulta ao Consello de Estado, nos supostos previstos na normativa aplicable, sempre que esta abrangua a regulación dos procedementos para asegurar a avaliación ambiental integral de todos os factores mencionados no artigo 5.1.a).

A declaración de impacto ambiental e o informe ambiental formularanse de acordo coa avaliación de impacto radiolóxico ambiental que corresponde realizar ao Consello de Seguridade Nuclear de acordo coa súa normativa específica.»

Trinta e sete. A disposición derradeira oitava queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira oitava. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei, incluídos os seus anexos, dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación básica de protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

2. Non teñen carácter básico e por tanto só serán de aplicación á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos:

a) Os seguintes preceptos: o artigo 3, número 1, parágrafo cuarto; o artigo 8, números 3 e 4; o artigo 11, número 1; o artigo 18, número 4, os dous últimos parágrafos; o artigo 19, ordinal primeiro, segundo parágrafo, última oración; o artigo 23, parágrafo segundo; o artigo 27, número 2 e o número 3, última oración; o artigo 28, número 4, segundo parágrafo, última oración; o artigo 29, número 4, os dous últimos parágrafos; o artigo 30, número 2, primeiro parágrafo, última oración; o artigo 34, número 4, parágrafo segundo, última oración; o artigo 39 número 4, os dous últimos parágrafos; o artigo 43, número 2 e o número 3, última oración; o artigo 44, número 5, parágrafo segundo, última oración; o artigo 45, número 4, os dous últimos parágrafos; o artigo 46, número 2, segundo parágrafo, última oración; o título III, capítulo III; a disposición adicional sexta, parágrafo primeiro; a disposición adicional sétima, os números 2 e 3, e a disposición adicional novena.

b) Os prazos establecidos nos artigos 12, 17, 18, 19, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47 e na disposición adicional décima.

3. Sen prexuízo do establecido nas epígrafes anteriores, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que regula as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas: o artigo 9, número 3; o artigo 12, números 2, 3 e número 4, primeira oración; o artigo 19, número 1, terceiro parágrafo; o artigo 21, número 4, terceiro parágrafo; o artigo 22, número 1, terceiro parágrafo; o artigo 24, número 4, última oración; o artigo 24, número 5, segundo parágrafo; o artigo 27, número 4, segunda oración; o artigo 28, número 4, primeiro parágrafo, última oración e o terceiro parágrafo; o artigo 30, número 2, segundo parágrafo; o artigo 34, número 4, terceiro parágrafo; o artigo 36, número 3; o artigo 37, número 3, segundo parágrafo; o artigo 40, número 2, parágrafos terceiro e cuarto, número 3, segundo parágrafo, número 4 e número 5, segundo parágrafo; o artigo 43 número 3, segunda oración; o artigo 44, número 5, terceiro parágrafo e o artigo 46, número 3, primeiro parágrafo.

4. A disposición adicional oitava dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación mercantil, e ao abeiro do artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica en materia de protección do ambiente.

O segundo parágrafo do número 3 da disposición adicional oitava ampárase na competencia que o artigo 149.1.8.^a da Constitución outorga ao Estado en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos.

5. A disposición adicional décimo quinta, as disposicións derradeiras segunda, terceira, cuarta e quinta, e a disposición transitoria segunda dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma, e a autorización das instalacións eléctricas cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial.

6. A disposición adicional décimo sexta dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación procesual, e ao abeiro do artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica en materia de protección do ambiente.»

Trinta e oito. O número 2 da disposición derradeira novena queda redactado nos seguintes termos:

«2. Así mesmo, autorízase o Goberno para modificar os anexos co fin de adaptalos á normativa vixente, á evolución científica e técnica, e ao que dispoñan as normas internacionais e o dereito da Unión Europea.»

Trinta e nove. Elimínase a disposición derradeira décimo primeira.

Corenta. O anexo III substitúese polo seguinte:

«ANEXO III

Criterios mencionados no artigo 47.2 para determinar se un proxecto do anexo II debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria

1. Características dos proxectos: as características dos proxectos deberán considerarse, en particular, desde o punto de vista:

- a) Das dimensións e do deseño do conxunto do proxecto.
- b) Da acumulación con outros proxectos, existentes e/ou aprobados.
- c) Da utilización de recursos naturais, en particular a terra, o solo, a auga e a biodiversidade.
- d) Da xeración de residuos.
- e) Da contaminación e outras perturbacións.
- f) Dos riscos de accidentes graves e/ou catástrofes relevantes para o proxecto en cuestión, incluídos os provocados polo cambio climático, de conformidade cos coñecementos científicos.
- g) Dos riscos para a saúde humana (por exemplo debido á contaminación da auga, do aire, ou á contaminación electromagnética).

2. Localización dos proxectos: a sensibilidade ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos deberá considerarse tendo en conta os principios de sustentabilidade, en particular:

- a) O uso presente e aprobado do solo.
- b) A abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade rexenerativa dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o solo, a terra, a auga e a biodiversidade).
- c) A capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

- 1.º Zonas húmidas, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos.
- 2.º Zonas costeiras e medio mariño.
- 3.º Áreas de montaña e de bosque.
- 4.º Reservas naturais e parques.
- 5.º Áreas clasificadas ou protexidas pola lexislación do Estado ou das comunidades autónomas; lugares Rede Natura 2000.
- 6.º Áreas en que se superaron xa os obxectivos de calidade ambiental establecidos na lexislación aplicable, e pertinentes para o proxecto, ou nas cales se considere que se produciu un incumprimento das ditas normas de calidade ambientais.

- 7.º Áreas de gran densidade demográfica.
- 8.º Paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica.
- 9.º Áreas con potencial afección ao patrimonio cultural.
- 10.º Masas de auga superficiais e subterráneas previstas na planificación hidrolóxica e os seus respectivos obxectivos ambientais.

3. Características do potencial impacto: os potenciais efectos significativos dos proxectos no ambiente deben considerarse en relación cos criterios establecidos nos números 1 e 2, e tendo presente o impacto do proxecto sobre os factores sinalados no artigo 45, número 1.e), tendo en conta:

- a) A magnitude e o alcance espacial do impacto (por exemplo, área xeográfica e tamaño da poboación que poida verse afectada).
- b) A natureza do impacto.
- c) O carácter transfronteirizo do impacto.
- d) A intensidade e complexidade do impacto.
- e) A probabilidade do impacto.
- f) O inicio previsto e a duración, frecuencia e reversibilidade do impacto.
- g) A acumulación do impacto cos impactos doutros proxectos existentes e/ou aprobados.
- h) A posibilidade de reducir o impacto de maneira eficaz.»

Corenta e un. O anexo VI substitúese polo seguinte:

«ANEXO VI

Estudo de impacto ambiental, conceptos técnicos e especificacións relativas ás obras, instalacións ou actividades comprendidas nos anexos I e II

Parte A. Estudo de impacto ambiental:

O estudo de impacto ambiental, a que se refire o artigo 35, deberá incluír a información detallada nas epígrafes que se desenvolven a continuación:

1. Obxecto e descrición do proxecto.
 - a) Unha descrición da localización do proxecto.
 - b) Unha descrición das características físicas do conxunto do proxecto, incluídos, cando proceda, os requisitos das obras de demolición que se impoñan, e das necesidades en canto ao uso da terra, durante as fases de construción e de explotación.
 - c) Descrición dos materiais que se van utilizar, solo e terra que se vai ocupar, e outros recursos naturais cuxa eliminación ou afectación se considere necesaria para a execución do proxecto, e descrición das principais características da fase de explotación do proxecto (en particular calquera proceso de produción), con indicacións, por exemplo, sobre a demanda de enerxía e a enerxía utilizada, a natureza e cantidade de materiais e recursos naturais utilizados (incluídos a auga, a terra, o solo e a biodiversidade).
 - d) Descrición, se for o caso, dos tipos, cantidades e composición dos residuos producidos durante as fases de construción, explotación e, se for o caso, demolición, así como a previsión das verteduras e emisións que se poidan dar (por exemplo, a contaminación da auga, do aire, do solo e do subsolo), ou calquera outro elemento derivado da actuación, como a perigosidade sísmica natural, ou a perigosidade sísmica inducida polo proxecto, tanto se son de tipo temporal, durante a realización da obra, ou permanentes, cando xa estea realizada e en operación, en especial, rúidos, vibracións, olores, emisións luminosas, calor, radiación, emisións de partículas, etc.

No caso de proxectos que estean suxeitos ao Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, o promotor deberá incluír no estudo de impacto ambiental unha previsión dos tipos, cantidades e composición dos residuos que se producirán durante as fases de construción, explotación e desmantelamento, e das verteduras e emisións radioactivas que se poidan dar en operación normal, incidentes operacionais e accidentes; así como a declaración do cumprimento do criterio ALARA (As Low As Reasonably Achievable) de acordo coas normas básicas de protección radiolóxica para estas situacións.

e) As tecnoloxías e as substancias utilizadas.

2. Exame de alternativas do proxecto que resulten ambientalmente máis adecuadas, de conformidade co disposto no artigo 1.1.b), que sexan tecnicamente viables, e xustificación da solución adoptada.

a) Un exame multicriterio, estudado polo promotor, das distintas alternativas que resulten ambientalmente máis adecuadas e sexan relevantes para o proxecto, incluída a alternativa cero, ou de non actuación, e que sexan tecnicamente viables para o proxecto proposto e as súas características específicas; e unha xustificación da solución proposta, incluída unha comparación dos efectos ambientais, que terá en conta diversos criterios, como o económico e o funcional, e entre os cales se incluírá unha comparación dos efectos ambientais. A selección da mellor alternativa deberá estar soportada por unha análise global multicriterio, onde se teñan en conta non só aspectos económicos senón tamén os de carácter social e ambiental.

b) Unha descrición das exigencias previsibles no tempo, para a utilización do solo e outros recursos naturais, para cada alternativa examinada.

c) Respecto á alternativa 0, ou de non actuación, realizarase unha descrición dos aspectos pertinentes da situación actual do ambiente (hipótese de referencia), e unha presentación da súa evolución probable en caso de non realización do proxecto, na medida en que os cambios naturais con respecto á hipótese de referencia poidan avaliarse mediante un esforzo razoable, de acordo coa dispoñibilidade de información ambiental e os coñecementos científicos.

3. Inventario ambiental, e descrición dos procesos e interaccións ecolóxicas ou ambientais clave.

a) Estudo do estado do lugar e das súas condicións ambientais, antes da realización das obras, así como dos tipos existentes de ocupación do solo e aproveitamentos doutros recursos naturais, tendo en conta as actividades preexistentes.

b) Descrición, censo, inventario, cuantificación e, se for o caso, cartografía, de todos os factores definidos no artigo 35, número 1, letra c), que poidan verse afectados polo proxecto: a poboación, a saúde humana, a biodiversidade (por exemplo, a fauna e a flora), a terra (por exemplo, ocupación do terreo), a xeodiversidade, o solo (por exemplo, materia orgánica, erosión, compactación e selaxe), o subsolo, a auga (por exemplo, modificacións hidromorfolóxicas, cantidade e calidade), o medio mariño, o aire, o clima (por exemplo, emisións de gases de efecto invernadoiro, impactos significativos para a adaptación), o cambio climático, os bens materiais, o patrimonio cultural, así como os aspectos arquitectónicos e arqueolóxicos, a paisaxe nos termos do Convenio Europeo do Paisaxe, e a interacción entre todos os factores mencionados.

Se for o caso, para as masas de auga afectadas establecerase a súa natureza, caracterización do estado, presións, impactos e obxectivos ambientais asignados pola planificación hidrolóxica.

c) Descrición das interaccións ecolóxicas claves e a súa xustificación.

d) Delimitación e descrición cartografada do territorio afectado polo proxecto, para cada un dos aspectos ambientais definidos.

e) Estudo comparativo da situación ambiental actual coa actuación derivada do proxecto obxecto da avaliación, para cada alternativa examinada.

f) As descrições e estudos anteriores faranse de forma sucinta, na medida en que sexan precisas para a comprensión dos posibles efectos do proxecto sobre o ambiente.

4. Identificación e valoración de impactos, tanto na solución proposta como nas súas alternativas.

a) Incluírase a identificación, cuantificación e valoración dos efectos significativos previsibles, das actividades proxectadas sobre os aspectos ambientais indicados no número 3 para cada alternativa examinada. Se for o caso, incluíranse as modelizacións necesarias para completar o inventario ambiental e identificar e valorar os impactos do proxecto.

b) Necesariamente, a identificación dos impactos ambientais derivará do estudo das interaccións, entre as accións derivadas do proxecto e as características específicas dos aspectos ambientais afectados en cada caso concreto. Entre as accións que se estudarán figurarán as seguintes:

1.º A construción e existencia do proxecto, incluídas, cando proceda, as obras de demolición.

2.º O uso de recursos naturais, en particular a terra, o solo, a auga e a biodiversidade (recursos naturais), tendo en conta, na medida do posible, a dispoñibilidade sustentable de tales recursos.

3.º A emisión de contaminantes, ruído, vibración, luz, calor e radiación, a creación de molestias e a eliminación e recuperación de residuos.

4.º Os riscos para a saúde humana, o patrimonio cultural ou o ambiente (debidos, por exemplo, a accidentes ou catástrofes).

5.º A acumulación dos efectos do proxecto con outros proxectos, existentes e/ou aprobados, tendo en conta os problemas ambientais existentes relacionados con zonas de importancia ambiental especial, que poderían verse afectadas ou o uso dos recursos naturais.

6.º O impacto do proxecto no clima (por exemplo, a natureza e magnitude das emisións de gases de efecto invernadoiro, e a vulnerabilidade do proxecto con respecto ao cambio climático).

A descrición dos posibles efectos significativos, con respecto aos factores mencionados no artigo 35.1, debe abranguer os efectos directos e os efectos indirectos, secundarios, acumulativos, transfronteirizos, a curto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos do proxecto. Esta descrición debe ter en conta os obxectivos de protección ambiental establecidos a nivel da Unión ou dos Estados membros, e significativos para o proxecto.

Se for o caso, deberanse estudar as repercusións do proxecto sobre os diferentes elementos de calidade que definen o estado ou potencial das masas de auga afectadas.

A descrición dos métodos de previsión ou dos datos utilizados para definir e avaliar os efectos significativos no ambiente, incluídos detalles sobre dificultades (por exemplo, deficiencias técnicas ou falta de coñecementos) ás cales se tivo que facer fronte ao recompilar a información, e as principais incertezas que comportan.

c) A cuantificación dos efectos significativos dun plan, programa ou proxecto sobre o ambiente consistirá na identificación e descrición, mediante datos mensurables, das variacións previstas dos hábitats e das especies afectadas, como consecuencia do desenvolvemento do plan ou programa, ou pola execución do proxecto. Mediaranse en particular as variacións previstas:

1.º Na superficie do hábitat ou tamaño da poboación afectada, directa ou indirectamente, a través das cadeas tróficas, ou dos vectores ambientais, en

concreto, fluxos de auga, residuos, enerxía ou atmosféricos, solo, ribeira do mar e das rías. Para isto utilizaranse unidades biofísicas do hábitat ou especie afectados.

2.º Na intensidade do impacto con indicadores cuantitativos e cualitativos. En caso de non encontrar un indicador adecuado para o efecto, poderá deseñarse unha escala que represente, en termos de porcentaxe, as variacións de calidade experimentadas polos hábitats e especies afectados.

3.º Na duración, frecuencia e reversibilidade dos efectos que o impacto ocasionará sobre o hábitat e especies.

4.º Na abundancia ou número de individuos, na súa densidade ou na extensión da súa zona de presenza.

5.º Na diversidade ecolóxica medida, ao menos, como número de especies, ou como descrición da súa abundancia relativa.

6.º Na rareza da especie ou do hábitat (avaliada no plano local, rexional e superior, incluído o plano comunitario), así como o seu grao de ameaza.

7.º Na variación e cambios que vaian experimentar, entre outros, os seguintes parámetros do hábitat e especie afectados: o estado de conservación, o estado ecolóxico cuantitativo, a integridade física e a estrutura e función.

d) Valoración. Indicaranse os impactos ambientais compatibles, moderados, severos e críticos que se prevexan como consecuencia da execución do proxecto. Xerarquizaranse os impactos ambientais, identificados e valorados, para coñecer a súa importancia relativa.

5. Establecemento de medidas preventivas, correctoras e compensatorias para reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais significativos.

Descríbanse as medidas previstas para previr, corrixir e, se for o caso, compensar os efectos adversos significativos das distintas alternativas do proxecto sobre o ambiente, tanto no referente ao seu deseño e localización como en canto á explotación, desmantelamento ou demolición. En particular, defínense as medidas necesarias para paliar os efectos adversos sobre o estado ou potencial das masas de auga afectadas.

As medidas compensatorias consistirán, sempre que sexa posible, en accións de restauración ou da mesma natureza e efecto contrario ao da acción emprendida.

O orzamento do proxecto incluírá estas medidas co mesmo nivel de detalle que o resto do proxecto, nunha epígrafe específica, que se incorporará ao estudo de impacto ambiental.

6. Programa de vixilancia e seguimento ambiental.

O programa de vixilancia ambiental establecerá un sistema que garanta o cumprimento das indicacións e das medidas previstas para previr, corrixir e, se for o caso, compensar, contidas no estudo de impacto ambiental, tanto na fase de execución como na de explotación, desmantelamento ou demolición. Este programa atenderá á vixilancia, durante a fase de obras, e ao seguimento, durante a fase de explotación do proxecto. O orzamento do proxecto incluírá a vixilancia e o seguimento ambiental, en fase de obras e fase de explotación, en epígrafe específica, que se incorporará ao estudo de impacto ambiental.

Os obxectivos do programa de vixilancia e seguimento ambiental son os seguintes:

a) Vixilancia ambiental durante a fase de obras:

1.º Detectar e corrixir desviacións con relevancia ambiental respecto ao proxectado no proxecto de construción.

2.º Supervisar a correcta execución das medidas ambientais.

3.º Determinar a necesidade de suprimir, modificar ou introducir novas medidas.

4.º Seguir a evolución dos elementos ambientais relevantes.

b) Seguimento ambiental durante a fase de explotación. O estudo de impacto ambiental xustificará a extensión temporal desta fase, considerando a relevancia ambiental dos efectos adversos previstos:

- 1.º Verificar a correcta evolución das medidas aplicadas na fase de obras.
- 2.º Seguir a resposta e evolución ambiental do contorno á implantación da actividade.
- 3.º Diseñar os mecanismos de actuación ante a aparición de efectos inesperados ou o mal funcionamento das medidas correctoras previstas.

7. Vulnerabilidade do proxecto.

Unha descrición dos efectos adversos significativos do proxecto no ambiente como consecuencia da vulnerabilidade do proxecto ante o risco de accidentes graves e/ou catástrofes relevantes, en relación co proxecto en cuestión. Para este obxectivo poderá utilizarse a información relevante dispoñible e obtida a través das avaliacións de risco realizadas de conformidade con outras normas, como a normativa relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas (SEVESO), así como a normativa que regula a seguridade nuclear das instalacións nucleares. Se for o caso, a descrición debe incluír as medidas previstas para previr e mitigar o efecto adverso significativo de tales acontecementos no ambiente, e detalles sobre a preparación e resposta proposta a tales emerxencias.

8. Avaliación ambiental de repercusións en espazos da Rede Natura 2000.

A epígrafe de avaliación de repercusións do proxecto sobre a Rede Natura 2000 incluírá, de maneira diferenciada para cada unha das alternativas do proxecto consideradas, o seguinte:

a) Identificación dos espazos afectados e, para cada un, identificación dos hábitats, especies e demais obxectivos de conservación afectados polo proxecto, xunto coa descrición dos seus requirimentos ecolóxicos máis probablemente afectados polo proxecto e a información dispoñible cuantitativa, cualitativa e cartográfica descritiva do seu estado de conservación a escala do conxunto espazo.

b) Identificación, caracterización e cuantificación dos impactos do proxecto sobre o estado de conservación dos hábitats e especies polos que se designou o lugar, sobre o resto dos obxectivos de conservación especificados no correspondente plan de xestión e, se for o caso, sobre a conectividade con outros espazos e sobre os demais elementos que outorgan particular importancia ao espazo no contexto da Rede e contribúen á súa coherencia. A avaliación destes impactos apoiarase en información real e actual sobre os hábitats e especies obxecto de conservación no lugar.

c) Medidas preventivas e correctoras destinadas a mitigar os impactos e medidas compensatorias destinadas a compensar o impacto residual, co fin de evitar unha deterioración neta do conxunto de variables que definen o estado de conservación no conxunto do lugar dos hábitats ou especies afectados polo proxecto.

d) Especificidades do seguimento dos impactos e medidas previstos.

9. Resumo non técnico da información facilitada en virtude das epígrafes precedentes.

O documento de síntese non debe exceder vinte e cinco páxinas e redactarase en termos accesibles á comprensión xeral.

10. Lista de referencias bibliográficas consultadas para a elaboración dos estudos e análise e lista da normativa ambiental aplicable ao proxecto.

Parte B. Conceptos técnicos:

a) Efecto directo: aquel que ten unha incidencia inmediata nalgún aspecto ambiental.

b) Efecto indirecto ou secundario: aquel que supón incidencia inmediata respecto á interdependencia ou, en xeral, respecto á relación dun sector ambiental con outro.

c) Efecto acumulativo: aquel que, ao prolongarse no tempo a acción do axente indutor, incrementa progresivamente a súa gravidade, ao carecerse de mecanismos de eliminación con efectividade temporal similar á do incremento do axente causante do dano.

d) Efecto sinérxico: aquel que se produce cando o efecto conxunto da presenza simultánea de varios axentes supón unha incidencia ambiental maior que o efecto suma das incidencias individuais previstas illadamente.

Así mesmo, inclúese neste tipo aquel efecto cuxo modo de acción induce no tempo a aparición doutros novos.

e) Efecto permanente: aquel que supón unha alteración indefinida no tempo de factores de acción predominante na estrutura ou na función dos sistemas de relacións ecolóxicas ou ambientais presentes no lugar.

f) Efecto temporal: aquel que supón alteración non permanente no tempo, cun prazo temporal de manifestación que pode estimarse ou determinarse.

g) Efecto a curto, medio e longo prazo: aquel cuxa incidencia pode manifestarse, respectivamente, dentro do tempo comprendido nun ciclo anual, antes de cinco anos, ou nun período superior.

h) Impacto ambiental compatible: aquel cuxa recuperación é inmediata tras o cesamento da actividade e non precisa medidas preventivas ou correctoras.

i) Impacto ambiental moderado: aquel cuxa recuperación non precisa medidas preventivas ou correctoras intensivas e no cal a consecución das condicións ambientais iniciais require certo tempo.

j) Impacto ambiental severo: aquel en que a recuperación das condicións do medio exige medidas preventivas ou correctoras e no cal, aínda con esas medidas, aquela recuperación precisa un período de tempo dilatado.

k) Impacto ambiental crítico: aquel cuxa magnitude é superior ao limiar aceptable. Con el prodúcese unha perda permanente da calidade das condicións ambientais, sen posible recuperación, mesmo coa adopción de medidas protectoras ou correctoras.

l) Impacto residual: perdas ou alteracións dos valores naturais cuantificadas en número, superficie, calidade, estrutura e función, que non poden ser evitadas nin reparadas, unha vez aplicadas *in situ* todas as posibles medidas de prevención e corrección.

m) Perigosidade sísmica: probabilidade de que o valor dun certo parámetro que mide o movemento do solo (intensidade, aceleración, etc.) sexa superado nun determinado período de tempo.

n) Fraccionamento de proxectos: mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no anexo I.

Parte C. Especificacións relativas ás obras, instalacións ou actividades comprendidas nos anexos I e II:

a) Refinarías de petróleo bruto (coa exclusión das empresas que produzan unicamente lubricantes a partir de petróleo bruto), así como as instalacións de gasificación e de licuefacción de, ao menos, 500 toneladas de carbón de xistos bituminosos ao día.

b) Centrais térmicas e outras instalacións de combustión con potencia térmica de, ao menos, 300 MW, así como centrais nucleares e outros reactores nucleares

(con exclusión das instalacións de investigación para a produción e transformación de materias fisiónables e fértiles nas cales a potencia máxima non pase de 1 KW de duración permanente térmica).

As centrais nucleares e outros reactores nucleares deixan de considerarse como tales instalacións cando a totalidade do combustible nuclear, e dos outros elementos radioactivamente contaminados, fose retirada de modo definitivo do lugar da instalación.

c) Instalacións destinadas exclusivamente ao almacenamento permanente, ou a eliminar definitivamente residuos radioactivos: para os efectos da presente lei, entenderase por almacenamento permanente de residuos radioactivos, calquera que sexa a súa duración temporal, aquel que estea especificamente concibido para a dita actividade, e que estea fóra do ámbito da instalación nuclear ou radioactiva que produce os ditos residuos.

d) Instalacións químicas integradas: para os efectos da presente lei, entenderase por instalacións químicas integradas aquelas instalacións para a fabricación a escala industrial de substancias mediante transformación química, nas cales se encontran xustapostas varias unidades vinculadas funcionalmente entre si, e que se utilizan para a produción de produtos químicos orgánicos básicos, de produtos químicos inorgánicos básicos, de fertilizantes a base de fósforo, nitróxeno ou potasio (fertilizantes simples ou compostos), de produtos fitosanitarios básicos e de biocidas, de produtos farmacéuticos básicos mediante un proceso químico ou biolóxico e de explosivos.

Cando a instalación química integrada pretenda situarse nunha localización determinada en que non haxa un conxunto de plantas químicas preexistentes, quedará suxeita á presente lei, sexa cal for o produto químico obxecto da súa fabricación.

Cando a instalación química integrada pretenda situarse nunha localización determinada en que xa exista un conxunto de plantas químicas, quedará suxeita á presente lei se as substancias ou mesturas químicas do seu proceso de fabricación se clasifican como perigosas de acordo co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (CLP). Na avaliación de impacto deberase ter en conta o establecido no Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, avaliación, autorización e restrición das substancias e preparados químicos (Reach), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos.

e) Construción de autoestradas, autovías, estradas multicarril, estradas convencionais e variantes de poboación. Para os efectos desta lei, aplicaranse os artigos 2 e 4 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.

f) Aeroportos con pistas de engalaxe e aterraxe dunha lonxitude maior ou igual a 2.100 metros: para os efectos desta lei, entenderase por aeroporto a definición contida na Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e no Convenio de Chicago de 1944, relativo á creación da Organización da Aviación Civil Internacional (anexo 14). Neste sentido, enténdese por aeroporto a área definida de terra ou auga (que inclúe todas as súas edificacións, instalacións e equipamentos), destinada total ou parcialmente á chegada, saída e movemento en superficie de aeronaves.

g) Portos comerciais: vías navegables e portos de navegación interior que permitan o acceso a barcos superiores a 1.350 toneladas e portos deportivos.

En relación coas vías navegables e portos de navegación interior que permitan o acceso a barcos superiores a 1.350 toneladas, entenderase que permiten o acceso a barcos superiores a 1.350 toneladas de arque.

h) Instalacións de eliminación de residuos perigosos por incineración, tratamento químico ou almacenamento en terra. Para os efectos da presente lei, entenderase tratamento químico, referido a tratamento físico-químico, e por almacenamento en terra, entenderase depósito de seguridade en terra.

Consideraranse incluídas as operacións de eliminación D3, D5, D8, D9, D10, D12 do anexo I da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

i) Terreos incultos e áreas seminaturais: para os efectos da presente lei, enténdense incluídos nesta denominación os terreos que nunca foron cultivados ou aqueles que, despois de o seren, sufriron un abandono da dita actividade, e que cumpran as condicións e prazos que determine a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e que permitiu que fosen poboados por vexetación forestal leñosa.

j) Extracción a ceo aberto de hulla, lignito ou outros xacigos minerais: para os efectos da presente lei, entenderase por extracción a ceo aberto aquelas tarefas ou actividades de aproveitamento ou explotación dos xacigos minerais, e demais recursos xeolóxicos, que necesariamente requiran a aplicación de técnica mineira e non se realicen mediante labores subterráneos. Considérase necesaria a aplicación de técnica mineira nos casos en que se deban utilizar explosivos, formar cortas, tallos ou bancos de 3 metros ou máis altura, ou o emprego de calquera clase de maquinaria.

k) Cambio de uso do solo: para os efectos da presente lei, entenderase por cambio de uso do solo a transformación de calquera uso de solo rural entre si (agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquera outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais), cando supoña unha alteración substancial da cuberta vexetal, ou a transformación do uso de solo rural en solo urbanizable.

l) Consolidación e mellora de regadíos: para os efectos da presente lei, entenderase por consolidación de regadíos as accións que afectan regadíos infradotados de auga, ben por falta de auga, ben por perdas excesivas nas conducións, e que teñen como fin completar as necesidades de auga dos cultivos existentes. Considéranse accións de mellora de regadíos as que afectan a superficie regada suficientemente dotada, ou moi dotada, de auga, sobre as cales se consideran oportunas actuacións que supoñan melloras tendentes ao aforro de auga, ou melloras socioeconómicas das explotacións.

m) Valor medio trimestral: entenderase por valor medio trimestral, tendo en conta os días de produción efectiva, o período de 90 días consecutivos de máxima produción.

n) Valor medio anual: entenderase por valor medio anual a media dos valores medios diarios, ao longo dun ano natural.

ñ) Instalación hoteleira: para os efectos desta lei, consideraranse como instalacións hoteleiras aqueles aloxamentos turísticos habilitados para o público.

o) Transmisión de enerxía eléctrica: inclúe a actividade (transporte), as instalacións (rede interconectada de alta e media tensión) e o fin (subministración a clientes finais ou distribuidores). Neste concepto inclúense as subestacións.»

Disposición adicional única. *Incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Procedementos en curso.*

1. As modificacións operadas nesta lei aplícanse a todos os plans, programas e proxectos cuxa avaliación ambiental estratéxica ou avaliación de impacto ambiental se inicie a partir do día da entrada en vigor da presente lei.

2. Aqueles proxectos cuxa avaliación de impacto ambiental se iniciase con posterioridade ao 17 de maio de 2017 e antes da entrada en vigor da presente lei someteranse a unha revisión adicional con carácter previo á emisión da declaración de impacto ambiental, co fin de determinar o cumprimento das previsións da Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente.

3. O disposto no número trinta e catro do artigo único polo que se engade unha disposición adicional décimo sexta será tamén de aplicación aos proxectos cuxo procedemento de avaliación ambiental se iniciase con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación básica de protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

2. Non teñen carácter básico e, por tanto, só serán de aplicación á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos os seguintes preceptos do artigo único:

a) No punto dous, o parágrafo cuarto do artigo 3.1; no ordinal cuarto, os números 3 e 4 do artigo 8; no punto seis, o número 1 do artigo 11; no punto dezaioito, os dous últimos parágrafos do artigo 39.4; no punto vinte e tres, os dous últimos parágrafos do artigo 45.4; o punto vinte e sete; no punto trinta e un, os números 2 e 3 da disposición adicional sétima, e o punto trinta e dous.

b) Os prazos establecidos nos puntos once, doce, trece, catorce, quince, dezaseis, dezasete, dezaioito, dezanove, vinte e un, vinte e tres, vinte e catro e vinte e cinco.

3. Sen prexuízo do establecido nas epígrafes anteriores, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que regula as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas dentro do artigo único: no punto cinco, artigo 9.3; no punto dez, o terceiro parágrafo do artigo 22.1; no punto once, a última oración do primeiro parágrafo do artigo 28.4; no punto quince, o artigo 36.3; no punto dezaseis, o segundo parágrafo do artigo 37.3; no punto dezanove, o parágrafo terceiro e cuarto do artigo 40.2, o segundo parágrafo do artigo 40.3, o segundo parágrafo do artigo 40.4 e segundo parágrafo do artigo 40.5.

4. O punto trinta e catro, polo cal se engade a disposición adicional décimo sexta dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación procesual, e ao abeiro do artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica en materia de protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da disposición adicional sexta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.*

A disposición adicional sexta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta. *Camiños naturais.*

1. Defínese camiño natural como o itinerario destinado a un uso público non motorizado, principalmente peonil e ciclístico, que reúne os seguintes requisitos:

- a) Está construído aproveitando itinerarios públicos preexistentes.
- b) Está destinado fundamentalmente á realización de actividades deportivas, culturais e recreativas, como o sendeirismo e o cicloturismo.
- c) Está localizado preferentemente no medio rural, atravesado ao longo do seu trazado lugares con importantes calidades naturais, culturais ou paisaxísticas, e serve como instrumento para a posta en valor das referidas calidades do territorio.
- d) Contribúe ao desenvolvemento rural ao favorecer a diversificación económica mediante actividades ligadas ao uso turístico-recreativo.

e) Está identificado cunha marca rexistrada, con identidade gráfica e sinalización propia normalizada en canto a dimensións, materiais, criterios de deseño, tipografía, cores, etc.

2. A Rede nacional de camiños naturais estará integrada polos camiños naturais que cumpran cos requisitos que se definan regulamentariamente. Os seus obxectivos son:

a) Fomentar sistemas de transporte respectuosos co ambiente e con baixa emisión de carbono, promovendo a mobilidade periurbana e interurbana sustentable e, polo tanto, a calidade de vida e saúde da poboación.

b) Desenvolver o turismo rural activo, de natureza, fomentando o turismo de interior, contribuíndo a variar a estacionalidade da oferta turística.

c) Favorecer o desenvolvemento socioeconómico da zona de actuación, mediante a potenciación e diversificación dos recursos económicos, o fomento do emprego e o asentamento da poboación no medio rural.

d) Definir a estratexia de mantemento e conservación dos camiños naturais que a integren.

e) Avaliar a demanda dos itinerarios para mellorar os trazados xa executados.

f) Pór en valor e difundir os camiños naturais que integren a Rede nacional de camiños naturais.

3. Os camiños naturais incluídos na Rede nacional de camiños naturais poden ser:

a) Itinerarios de carácter básico: trazados de longo percorrido, que forman parte dalgún dos eixes vertebradores interterritoriais e/ou transfronteirizos que se definan no Plan director da Rede nacional de camiños naturais.

b) Itinerarios de carácter secundario: trazados que, sen pertenceren aos de carácter básico, poden darlles continuidade, permitir a conexión entre camiños xa construídos ou posibilitar o acceso a lugares de interese ambiental ou cultural.

4. En materia de camiños naturais, competen á Administración xeral do Estado, a través do ministerio competente en materia de ambiente, sen prexuízo das competencias que en cada caso poidan corresponder ao resto de administracións públicas, as seguintes funcións:

a) Exercer a supervisión e fomentar a coordinación da Rede nacional de camiños naturais.

b) Executar as obras e realizar o mantemento dos camiños naturais realizados sobre trazados cuxa titularidade corresponde á Administración xeral do Estado, logo de acordo coas restantes administracións competentes na materia.

c) Asumir, se for o caso, logo de acordo coas administracións competentes, a execución das obras dos novos camiños naturais que se incorporen á rede.

d) Incluír, por proposta das administracións competentes, itinerarios xa construídos por estas na Rede nacional de camiños naturais.

e) Xestionar as marcas rexistradas "Camiños Naturais" e "Itinerarios Non Motorizados".

f) Determinar, se for o caso, o trazado e deseño dos camiños naturais que se inclúan na rede en colaboración coas administracións competentes.

g) Favorecer acordos para o desenvolvemento rural das zonas onde se localizan os camiños naturais.

h) Representar a España en redes internacionais equivalentes.

Os gastos derivados das accións mencionadas nas letras anteriores estarán limitados á envolvente financeira que se lle asigne ao ministerio competente en materia de ambiente dentro dos orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

5. Regulamentariamente determinaranse os requisitos e procedementos básicos para a actuación coordinada de todas as administracións no deseño, planificación e execución de camiños naturais integrados na rede nacional.

6. Calquera actuación administrativa en materia de camiños naturais que incida sobre zonas declaradas de interese para a defensa nacional e terreos, edificacións e instalacións, incluídas as súas zonas de protección, afectos á defensa nacional, necesitará o informe preceptivo do Ministerio de Defensa, que terá carácter vinculante no que afecte a defensa nacional.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

A Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 30, que queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 30. *Sancións.*

1. As infraccións tipificadas nos números 2, 3 e 4 do artigo 29 darán lugar á imposición de todas ou algunha das seguintes sancións para instalacións fixas:

a) No caso de infracción moi grave:

1.º Multa desde 15.001 até dous millóns de euros.

2.º Clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período máximo de dous anos.

3.º Extinción da autorización ou suspensión desta por un período mínimo dun ano e máximo de dous.

4.º Nos supostos previstos no artigo 29.2.5.º, multa de 100 euros por cada tonelada emitida en exceso e publicación, a través dos medios que a autoridade competente considere oportunos, das sancións impostas unha vez que estas adquirisen firmeza, así como os nomes, apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole das infraccións.

b) No caso de infracción grave:

1.º Multa desde 5.001 até 15.000 euros.

2.º Suspensión da autorización por un período máximo dun ano.

c) En caso de infracción leve: multa de até 5.000 euros.

2. As infraccións tipificadas nos números 2, 3 e 4 do artigo 29 bis darán lugar á imposición de todas ou algunha das seguintes sancións para os operadores aéreos:

a) No caso de infracción moi grave:

1.º Multa desde 15.001 até dous millóns de euros.

2.º Nos supostos previstos no artigo 29.2.3.º, multa de 100 euros por cada tonelada emitida en exceso e a publicación, a través dos medios que a autoridade competente considere oportunos, das sancións impostas unha vez que estas adquirisen firmeza, así como os nomes, apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole das infraccións.

b) No caso de infracción grave: multa desde 5.001 até 15.000 euros.

c) En caso de infracción leve: multa de até 5.000 euros.

3. O pagamento da multa referida nos números 1.a).4.º e 2.a).2.º non eximirá o titular de instalación ou operador aéreo de entregar unha cantidade de dereitos de

emisión equivalente á das emisións en exceso, no momento de entregar os dereitos de emisión correspondentes ao ano natural seguinte ao de comisión da infracción.

A sanción por exceso de emisións en relación con dereitos de emisión expedidos a partir do 1 de xaneiro de 2013 aumentará de acordo co índice de prezos de consumo europeo.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 35 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 35 bis. *Especialidades do procedemento administrativo sancionador nas materias competencia da Administración xeral do Estado.*

1. Nas materias atribuídas por esta lei á Administración xeral do Estado, o órgano competente para a iniciación do procedemento será a Oficina Española de Cambio Climático. Con anterioridade á iniciación do procedemento, poderanse realizar actuacións previas, cuxa competencia recaerá na Oficina Española de Cambio Climático, a cal poderá solicitar de órganos de distintas administracións a información pertinente.

2. A instrución do procedemento recaerá nun funcionario da Oficina Española de Cambio Climático designado para tal efecto no acordo de iniciación do procedemento. Así mesmo, se a complexidade do procedemento o require, poderase designar como secretario un funcionario distinto do mesmo órgano.

3. A resolución do procedemento recaerá no Consello de Ministros, logo de informe da Avogacía do Estado.

4. Establécese o prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación, para ditar a resolución do procedemento e notificar ao interesado a resolución que lle poña fin.

5. No non previsto polo presente artigo e no referente ao réxime de recursos, o procedemento administrativo sancionador de aplicación desta lei rexerá polas disposicións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como nos principios da potestade sancionadora recollidos no capítulo III da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

Tres. Modifícase o artigo 36, que queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 36. *Plans de seguimento.*

1. Os operadores aéreos deberán contar cun plan de seguimento en que se establezan medidas para realizar o seguimento e a notificación dos seus datos de emisións anuais e toneladas-quilómetro transportadas.

2. Ao menos catro meses antes do comezo do primeiro período de notificación, os operadores aéreos deberán presentar ante o Ministerio de Fomento plans de seguimento nos cales se establezan as medidas para realizar o seguimento e a notificación dos seus datos de emisións e toneladas-quilómetro transportadas.

O período de seguimento en relación cos datos de toneladas-quilómetro limitarase ao ano natural que finalice 24 meses antes do comezo de cada período de comercio.

3. Corresponderá ao ministerio competente en materia de ambiente, logo de informe do Ministerio de Fomento, aprobar, conforme os criterios establecidos na normativa comunitaria e nos desenvolvementos regulamentarios desta lei que, se for o caso, se adopten, os plans de seguimento sobre os datos de emisións e toneladas-quilómetro transportadas presentados polos operadores aéreos antes do comezo do período de notificación. O informe do Ministerio de Fomento deberá ser emitido no prazo máximo de dous meses desde a presentación do plan. A Secretaría de Estado de Ambiente informará a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático dos plans de seguimento aprobados.

4. O operador aéreo deberá revisar o plan de seguimento das emisións antes do comezo de cada período de comercio e presentar un plan de seguimento revisado, se procede.

En todo caso, deberá realizarse unha revisión dos plans de seguimento das emisións aprobados de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras, antes do comezo do período de comercio que empeza o 1 de xaneiro de 2013.

5. Os plans de seguimento de emisións quedarán extinguidos nos supostos seguintes:

- a) Apertura da fase de liquidación en concurso de acredores se a disolución da persoa xurídica non se acordou previamente, ou desaparición do operador aéreo.
- b) Perda definitiva dos certificados ou licenzas exixibles para operar.»

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN